

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 112 * DO 27 DE XUNIO AO 3 DE XULIO DE 1980 * 40 PTS.



TRAFICO DE EMIGRANTES



PROIBIDO BAÑARSE NO VRAN AVILES DE TARAMANCOS
contaminación, ¿campana orquestada? "Son un pouco da poesia secreta"
"Rumasa está desfacendo Galicia" **MUROS**, o pan vén polo mar

PROPOSICIONES DESHONESTAS

"La Voz de Galicia": "... Tal invitación (xa verán de qué se trata) fue cursada por el "Comité Popular de la Yamahiria Árabe Libia Popular Socialista" y la recepción que hace referencia tiene por objeto conmemorar "las fiestas de desmantelamiento de las bases americanas en la Yamahiria".

Maria Victoria Fernández-España se siente ultrajada por el envío de una invitación redactada en tales términos, que considera totalmente intolerable".

Hai anos, sentiríanse aldraxados de que os convidaran ao cabodano da batalla de Ayacucho. E é que como San Martín erguera a cabeza.....

BOICOTEADORES

Deciao "El Progreso" aí atrás. "Para los Juegos Olímpicos de Moscú, Estados Unidos quiere dar publicidad a una serie de fotos y documentos cinematográficos que ilustran las atrocidades cometidas por las tropas soviéticas en Afganistán".

¿Lembran a campaña contra Videla cando os mundiais da Argentina? E simpático ver aos USA "na oposición". O mao

é que non haxa policía que os deteña.

PATRIA MOLESTA

Un tal M. Clavell, do Ferrol, escribelle a "La Voz de Galicia" porque "quixera, con estas liñas, pedir aos partidos políticos (sic) que cambesasen a data do Día da Patria Galega". A petición, como toda boa moción ao uso, vén fundada e argumentada. Ao tempo: "O ano pasado houbo unha liorta entre os mítines e manifestacións por unha banda, e a festa relixiosa por outra. E por riba, a feira do Gando".

Entre "mítines e manifestacións" a festa relixiosa non había máis que cordóns da policía. Cheira mal lembrar hoxe a hipotética liorta que non houbo. E a feira do gado, a dous kilómetros do centro... por favor, sres.

"¿Non poden respeitar a Festa do Apóstol, festa universal do calendario litúrxico católico?. Compostela échese de forasteiros aos que non lles importa o noso desenrolo político".

Nen a nós nos importa cando andan eles de troula. Metidos a respeitar, respeten vostedes todos o Día da Galicia, festa nacional do calendario patriótico.

"E unha mostra de impotencia política aproveitarse dunha

celebración tradicional, carente de todo sentido político, pra confundirnos con bandeiras e símbolos partidistas".

Que unha bandeira confundida é algo novo no mundo da Simboloxía. Polo demáis, xa ve. Cincuenta anos de impotencia dan para collerlle gusto á cousa.

"¿Non hai un aniversario da aprobación do referéndum do 36? (¿?) ¿Non hai cabodano dos mártires de Carral? ¿Non haberá unha data que teña que ver cos Irmandiños, con Roi Xordo? ¿Non tedes imaxinación, como a tivo a Academia cando matinou o Día das Letras Galegas?".

Non sei se temos maxinación ou non. O que sei é que temos Día da Patria. Xa me dirán para qué hai que maxinar nada.

A INFORMACION "IMPARCIAL"

Do boletín cultural "Bendado" n. 3 informanos noutra parte deste número. Nel faise unha encuesta sobre o Decreto de Bilingüismo, e falan Alejandro Fernández Barreiro, conselleiro da Xunta de Galicia, Carlos Caseres e máis Francisco Rodríguez. Non penso que haxa que abondar nas respectivas posturas. O caso é que "La Voz de

Galicia", no seu número do 25 de xuño, fai unha reseña inda ben ampla do traballo, e o resumo do que ela inclúe vén sendo este: "Fernández Barreiro: "A recuperación do galego é un obxectivo prioritario" Para Carlos Caseres, a efectividade do decreto de bilingüismo depende de quen o aplique".

Por un misterio democrático, desapareceu a figura de Francisco Rodríguez e o que dicía. Son as sotilezas da "prensa-apartheid-a-ao-servicio-do-país".

PROTAGONISMOS

"El Progreso", firma Julio Guerra: "Ante la manifestación, autorizada por el señor gobernador, de los vecinos de Cervantes en protesta por la concentración de las escuelas de San Román, y que se celebrará frente a la Delegación de Educación en Lugo, el próximo sábado, día 21, a las doce de la mañana, existe un gran malestar entre los padres de familia de Cervantes por el protagonismo que se ha tomado el Bloque Nacional-Popular Gallego en este hecho".

As nosas noticias son que existe un gran malestar entre pais e familias polo protagonismo que no tema tén tomado o tal Julio Guerra, á conta deles e do BN-PG.



10.000 SUSCRIPTORES PARA UNHA PRENSA GALEGA

Participe no noso concurso da páxina 15

SUBSCREBASE A A NOSA TERRA

En plena tempada de vran aparece un informe da Delegación de Sanidade de Pontevedra onde se fai constar a proibición de bañarse en determinadas praias da zona así como do perigo de facelos noutras.

Moita xente, sobor de todo os que viven do turismo, preguntanse como o fan público agora se a situación xa era sabida desde fai máis dun ano en que unha organización ecoloxista lle dou as probas a un medio de comunicación. Hai quen chega a afirmar que é unha manobra para obrigar a xente a que se vaia á Costa do Sol ou a Costa Brava, zonas con manifesta crise nos últimos anos, e moito máis agora cos ameazas bombistas.

En todo caso, neste ano, nen Gobernador, Sanidade e Axuntamentos tomaron medidas nen fixeron nada. Tampouco especifican os termos que empregan para clasificar a situación das praias, nen a que responden estes termos, e anque aos axuntamentos se lles di que teñen que tomar medidas non se lles informa delas como é a obriga das DPS.

Por outra banda só miden a contaminación bacteriolóxica, deixando de lado a industrial que é máis perigosa.

Irresponsabilidade... ¿Campaña orquestada?


PROIBIDO BAÑARSE NO VRAN

¿Acórdanse cando Fraga se bañou en Palomeras para demostrar que non había radioactividade, que os turistas se podían bañar tranquilos?

En Galicia todos estes anos as autoridade viñeron ocultando a contaminación das nosas praias. Tivo que ser o ano pasado unha formación ecoloxista quen lle proporcionase probas de peso da perigosidade que traía bañarse en certas praias das Rías Baixas a un medio de comunicación. Así se enterou a opinión pública.

Agora, en plena campaña vranceira e turística, despois de pasar un ano sen facer nada, sen tratar de por un remedio para acabar con esta situación por parte de autoridades, (Gobernadores, Delegados de Sanidade e Alcaldes) aparece un comunicado da D.S.P. e do Goberno Civil da mesma provincia, no que se facía constar a proibición de bañarse nas praias de Alcobre (Redondela), Fuchiños (Vigo), a de Compostela (Vilagarcía de Arousa) así como a praia de Buea, Corea, Lourido etc, onde a contaminación é altamente perigosa para os bañistas.

Tamén, segundo información que nos facilitou a Delegación de Sanidade da Coruña, nos análises realizados nas praias dos axuntamentos da Coruña e Oleiros, (os únicos onde se analiza os análises nesta provincia) daban uns índices de contaminación tais, que estaba prohibido bañarse en Raizor e no Orzán, e era altamente perigoso facelo nas de



Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz e Mera.

¿ESTAN POR DETRAS DESTA NOTICIA INTERESES DOUTRAS ZONAS TURISTICAS?

Os hoteleiros, sobre todo das Rías Baixas, están altamente preocupados polas repercusións que pode traer o anuncio de difusión pública desta situación. Pregúntanse o por qué deste anuncio en plena campaña de vran, cando xa a situación se sabía desde fai tempo, por qué non se puxo remedio antes. Hainos que chegan a afirmar que é unha campaña montada para lograr que o turismo non se concentre especialmente en Galicia, dado a situación precaria que están a sufrir zonas como a Costa do Sol ou a Costa Brava, máis agora coa

campaña que emprendeu ETA (PM).

Os hoteleiros da provincia de Pontevedra mantiveron reunións co Gobernador Civil, nas que lle expuxeron as súas coitas segundo fontes consultadas o anuncio desta situación xa


levou consigo unha cancelación de bastantes prazas hoteleiras; que en algúns casos chegaba ao setenta e cinco por cento.

Fontes oficiais afirmaron "non era certo, xa que todo o mundo sabe que se hai contaminación en Galicia; como esta

rá a Costa Brava ou a Costa do Sol; poñamos por caso; a proba de que isto se sabe e que mentres nesas zonas as prazas hoteleiras están valeiras en impor-

(Pasa a páxina seguinte)

Fotos: ALBAN LAXE



Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luís; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyré,

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pouso, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrado), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merce Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández, Alban.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X. Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Ráfales Artal, Telf. 2433658.

(Ven da páxina anterior)

tantes porcentaxes, en Galicia estaba todo cuberto".

Estas afirmacións de fontes oficiais aínda fan pensar máis se non será unha manobra para lograr que esas prazas hoteleiras das zonas do Estado que sempre tiveron un trato especial, e nas que teñen fortes intereses homes moi vinculados con UCD e co Goberno, logren cubrir en parte o seu cupo.

A ADMINISTRACION NUNCA QUIXO DECIR NADA

Ben sabido é que a Administración nunca quixo decir nada deste tema nen informar a opinión pública pero despois da información facilitada o pasado ano puido ser que os organismos oficiais tiveran medo que este ano voltaran a carga e por iso fixeran o anuncio da situación desta praia. O certo é que as DPS se toman moitas reservas, xa que a de Pontevedra nen xiquera nos quixo dar por teléfono a situación actual das praias, o mesmo que a de Lugo, por non estar o inspector; só a de Coruña accedeu a informar.

Por outra banda en todo o inverno non se fixo nada para paliar este mal, todo sigue como estaba o ano pasado, ou aínda peor, seguironse acumulando máis e máis vertidos urbanos nas nosas praias sen que ningunha au-

toridade tomara as medidas oportuans.

PROTESTAS DOS CONCELLAIS

Fai máis dun ano que Marisa, concellal de San Senxo ven tratando de entrevistarse co Gobernador Civil da provincia e de exporlle este problema, pero astra agora non foi recibida nen se lle fixo caso ningun dos seus informaes.

Días atrás a tamén concellal do BNPG por Marín, M. do Mar, solicitou un informe detallado a Delegación Provincial de Sanidade da situación das praias. A contestación foi un informe telegráfico onde non se daban ningunha explicación aos termos usados, como, tolerábel, contaminada, altamente contaminada, perigosa, ou prohibido bañarse, nen por que

nen por que se tomaba esta decisión. Cal era o alcance real da contaminación e en que consistía.

Tampouco se lle informaba das accións que o Axuntamento debería levar a cabo para rematar con esta situación, obriga da citada Delegación.

Noutros países hai anos que se está empregando un método que consiste en fumigar as praias na mañanciña para matar parte das bacterias, aquí non se experimentou nen esto nen outros métodos; é máis, aínda seguen amoreados en moitas praias detritos urbanos a rebentar.

Se é grave a negligencia por parte das autoridades en non esixir a completa limpeza das praias aínda é máis grave que lle seña negado a un Axuntamento a explicación detallada e o asesoramento que se lle pediu e que no caso de Marín non foi concedido, segundo os nosos comunicantes.

REUNIONS EN VIGO E PONTEVEDRA

Fai poucos días reuníronse en Vigo e Pontevedra, e a tenor da situación, o Gobernador Civil de Pontevedra, o Delegado de Sanidade, o de Industria, así como un bon número de alcaldes dos municipios do litoral. Nesta reunión na que se expuxo e analizou a situación os alcaldes foron instados a tomar medidas, entre as que se expoñían eran facer zanzas para que os sólidos das augas residuais quedaran atrapados.

Despois desta reunión Adega de Pontevedra sacaba unha nota na que se criticaba, ademais da tolerancia das autoridades con certas industrias, como Celulosa e Elnosa a actuación de Alcaldes de municipais tan perxudicados como o de Sansenxo e Pontevedra, este último que permite, sen facer nada que o alcantarillado saia ao medio do peirán sen facer nada. Así mesmo manifestaban no comunicado a sua

contrariedade por a noticia difundida de que a provincia de Pontevedra ten baixos índices de contaminación comparadas con outras, xa que isto non é real debido a que os análises que se fan son parciais, só bacteriolóxicos, unha forma de contaminación e non abranxen a contaminación industrial, segundo esta organización moito máis perigosa, e no caso de Pontevedra tamén máis alta.

A CONTAMINACION INDUSTRIAL NON SE QUERE TRATAR

Na citada reunión dos Alcaldes con membros da administración, o Delegado de Industria manifestou que os análises que se facían eran bacteriolóxicos e non industriais, e que Celulosas ou Elnosa non contaminan con bacterias, que non é perigoso para os bañistas.

Efectivamente as probas que se realizan son só bacteriolóxicas e van encamiñadas a encontrar a cantidade de bacterias patóxicas "acherichia coli", procedente dos vertidos das augas fecais e que son as que provocan, fortes diarreas, pequenas infeccións, enfermidades directas, etc. Pero segundo manifestacións de técnicos da materia coa medición da cantidade destas bacterias non se pode dar só o índice de contaminación, a contaminación industrial é moito máis perigosa, xa que ademais de contri-






buir ao mellor desenvolvemento destas bacterias pola fermentación que producen ao acumularse, son detritos que se van acumulando nos organismos vivos e que non teñen un efecto tan inmediato pero que son moito máis nocivos. O seu perigo máis grande está ao inxerir seres que acumularon gran cantidade destes produtos sendo o máis perxudicial o mercurio. O comer marisco, poñamos por caso mexilóns, pode ser mortal se conteñen gran cantidade destes elementos.

Pero as industrias non só botan ao mar estes produtos que non teñen unha acción directa, senón que verten, como o caso de Celulosa outras substancias como sulfatos, carbonatos, cloruros e substancias tónicas que poden queimar a piel. Algunha praia de Pontevedra, sen ningunha poboación está altamente contaminada, nos índices da DPS, o que demostra o antes dito.

Na praia de Compostela de Vilagarcía de Arousa pudemos comprobar empiricamente como queimaban os desagües dunha fábrica.

A situación é bastante alarmante e espérase a pronta posta en marcha dun plan que contrarreste esta contaminación, este plan ten que pasar tamén por a contaminación industrial, por moitos intereses que haxa contrapostos.

ALFONSO EYRE

**AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA 
DELOS  ESTAN FEITAS
CON TERRAS GALEGAS,
AS IDEAS E A CIENCIA
QUE LLES PROPORCIONA
O LABORATORIO DE
FORMAS DE GALICIA 
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS **

**ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI-
TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS**

Agora Mafriesa "RUMASA ESTA DESFACENDO GALICIA"

"Rumasa lucha contra el paro", aparecía semanas atrás en anuncios insertados en moitos periódicos e revistas do Estado e, mentres tanto Mafriesa, empresa pertencente a este "holding" presenta un expediente de regulación de emprego para cento cincuenta obreiros.

Membros do comité de empresa manifestáronnos "Rumasa está desfecendo Galicia, pecha empresas e abre bancos. ¿Qué fan cos nosos aforros?"

Paulatinamente están desaparecendo en Galicia industrias básicas na economía da nosa nación, consecuencia, segundo moitos, que está traendo o plan para adecuar a economía do Estado Español de cara a entrada no MCE. Frigsa, Mafriesa, Vazey... son só un exemplo. Detrás os grandes grupos económicos. Rumasa é un destes grupos que máis se distinguen pola esquilma dos nosos recursos nacionais, desde que comprou o Banco do Noroeste e logrou intrudirse en Galicia veu cerrando empresas sempre que lle conven, Triunsa, Grafinsa, Viajes Cristal... e abrindo sucursais dos seus distintos bancos para seguir marchando cos nosos aforros.

O día catro pasado a empresa do cárnica, Mafriesa presentaba regulación de emprego que se se leva a cabo afectaría a cento cincuenta traballadores dos trescentos cuarenta e nove que compoñen a plantilla da empresa.

Para levar este expediente a efecto abriuse un prazo de negociación de trinta días, pero os obreiros en vista da falla de información económica decidiron ir a folga o día dezaioito, folga que desconvocaron aos dous días, despois dunha asemblea ao acceder a dirección da empresa a facilitar o informe económico e o desglose de pártidas.

O comité de empresa está totalmente en contra desta regulación asegurando que a empresa "non aduce craramente nada, tal como o expoñen non é para facer unha regulación, senón para pechar a empresa".

Estránanse tamén da presentación desta regulación xa que a materia prima non escasea, as instalacións son boas e os traballadores competentes, ao que se une tamén a capacidade de financiación da patronal.

Mafriesa xa ten presentado outro expediente de regulación no cal quedarían sen traballo máis de cen persoas, pero que non foi aceptado. Aos poucos meses ampliarían a plantilla con-

siderabelmente, e agora presentan outra vez a regulación.

"RUMASA ESTA DESFACENDO GALICIA"

"Rumasa está desfecendo Galicia, manifestáronnos membros do comité de empresa, está desmantelando totalmente a industria que está no seu grupo. Compra bancos e desfai as pequenas industrias. ¿Qué fai cos nosos aforros?"

É a historia de Rumasa en Galicia parece que lles da a razón. No ano setenta e oito empezou o turno con Fumensa, logo Triunsa, Grafinsa, Viajes Cristal etc. Parece que se esta desfecendo da meirande parte das pequenas industrias. Pola contra segue abrindo sucursais de bancos e máis bancos para poder recoller os nosos aforros. Hai que dicir tamén que a tenor de certas persoas ningunha destas empresas que se viu abocada ao expediente daría perdas.

E tamén coñecido e notorio o interese de Rumasa en meterse no Ribeiro, sector, o vinícola, que xa controla en boa parte do estado e que, polo que se ve, ten moito interese en ampliar.

Segundo fontes competentes este interese de Rumasa en fundir empresas vénse dando en todo o estado, chegando a afirmar "que á unha forma da súa política de expansión". Os in-

Foto: ALBAN LAXE



gresos vénenlle a traveso dos bancos.

ESPERTOS EN REGULACIONES DE EMPREGO

Segundo fontes laborais as negociacións son somentes unha manobra dilatoria para consumir o tempo en consultas, xa que "as actas non din nada".

As mesmas fontes manifestan o desexo, escuro desexo, decidido de acabar coa empresa, para o que contratou especialistas na materia, non da gran plantilla que ten Rumasa. E tamén de resaltar que sexa o mesmo economista de Mafriesa o que estaba no setenta e oito en Fumensa "parece como se o tiveran de especialista en fundir empresas", que pode ser o que nesta se os obreiros seguen na súa postura e non pasan a outras medidas de forza, xa que para algunhas centrais sindicais os obreiros estalle facendo o xogo a empresa coa súa postura de negociación.

CRISE ENMARCADA A NIVEL DO ESTADO

As empresas do sector cárnico e de alimentación son as que están a sufrir moitas das veces unha meirande crise na nosa nación, cousa a todas luces desconcertante cando somos escendentários en materia prima e man de obra.

No sector de cárnica hai que sinalar que aquí só servimos de matadeiro xa que non se elaboran os produtos, senón que se exporta o gando e noutros lados se segue o proceso. Isto acarrea un desfase económico.

Pero a causa da crise nestes sectores non ven dada somentes por isto, senón que é consecuen-

cia da posta en marcha do Programa Económico do Goberno encamiñado a adecuar a economía do Estado Español de cara a entrada no Mercado Común Europeo. ¿Para que se queren matadeiros se cada día aumentan as importacións de carne?

A. EYRE

crónica política

A política internacional do Goberno Español está acadando, a cada paso, cotas de maior compromiso real e formal co campo imperialista. Non outra cousa demostran feitos como a súa actitude ante os familiares dos nosos mariñeiros apreixados polo Polisario o 22 de maio, cando faenaban nas costas sabarais a bordo do pesqueiro "Garmonar". Limitouse a enxuciar ab Frente Polisario como "terrorista", a inibirse ante o problema, negándose a negociar o rescate dos mariñeiros.

Proba máis contundente do contubernio con Marruecos e a política imperialista en África non se pode dar. A opinión e postura dos familiares dos mariñeiros galegos que se desplazaron a Madrid para faceren as xestións encamiñadas a liberación e a que o Goberno tomase as medidas oportunas, foi a de comprender o dereito dos sabarais a defender unhas águas que lles pertencen e a necesidade de que o Estado Español reconozca a República Árabe Sabarai, para solucionar os problemas pesqueiros nesta costa. Unha vez máis quedou claro, agora directamente ante os nosos compatriotas afetados, a sumisión da política española que, lonxe de preocuparse polos que formal e legalmente son os seus presuntos defendidos, atende só os intereses da política imperialista, recurrido a campañas de difamación, silencios e desinterés, cómplice e intolerábel, polos apreixados.

PSOE VERSUS OTAN?

Pode resultar realmente sorprendente a postura pública do PSOE ante o anuncio do Goberno de próxima integración do Estado Español na OTAN. A súa declaración de que son contrários á devandita integración e que, de facerse, debe ser a través de referendo, e non por vía parlamentaria, non deixa de ser rechamante en aparencia. Anotemos que todos os partidos homologos de Europa, especificamente o alemán e o portugués, cada un significativo respecto ao PSOE por cuestións óbvias, son partidarios da integración. Anotemos que o propio PSOE defende, non obstante, a continuidade dos pactos bilaterais con USA. Anotemos que os USA son partidarios declarados deste integración.... Deixando aparte a incoerencia de defender a integración nas estruturas económico-políticas da Europa Occidental -MCE- e non, polo contrario, nas estruturas militares correspondentes -OTAN- (as dúas, caras dunha sóa moeda), parece evidente que a posición do PSOE está máis ben ditada de cara unha política electoralista, asentada no papel de oposición formal, e posibelmente na necesidade de non perder imaxe de "neutralidade" ante o denominado Terceiro Mundo, función que debe manter en actividades de diálogo, de ponte, benéficas para o propio campo imperialista. Está claro, de todas maneiras, que non é unha oposición real a pertencencia ao devandito campo, nin os abertos desexos de neutralidade os que moven a conduta pública do PSOE.

UN SLOGAN

Nada máis estúpido, comercialmente falando, que facer unha campaña de promoción turística de Galicia en base ao slogan "Galicia, siempre España". Nada tampouco máis sintomático dos medos e temores dos proxectos autonómicos. Recomendamos á Xunta, en concreto á Consellería de Industria, Comercio e Turismo, utilice os fondos públicos en cuestións non tan abertamente propagandísticas da ideoloxía imperial. Do contrario, as obsesións acabarán por descubrir os obxetivos que se persiguen, até utilizando os canles máis ridículos, ruins e inesperados.

resumes

ING: II ENCONTROS NACIONAIS

Sábado día vinteun, a ING celebrou en Santiago os "II Segundos Encontros Nacionais", aos que asistiron cento vinte delegados sindicais que actuarán nas negociacións dos cuarenta e un convénios que leva firmados a central en toda a nación, neste ano.

Nestes encontros, nos que quedou de manifesto o avance da central nacionalista, pasouse revisión dos logros acadados, así como da forma de levar eses convénios.

Púxose de manifesto que ningún convenio se firmou por abaixo do "Acuerdo - Marco Interconfederal", e que en 26 convénios houbo presión por parte dos traballadores, con vinteunha folgas. Salientouse tamén que por primeira vez colleran traza os Convénios Nacionais Galegos.

Quedou tamén de manifesto o interese da patronal e do Goberno nen pecharlle o paso aos convénios e ás centrais nacionalistas que no caso galego xa é descaído, así como o acordo CC.OO-UGT, e desta coa patronal, que se manifestan no AMI e no Estatuto do Traballador.

Patentizaron tamén que para a ING xa empezaron as eleccións sindicais, e que moi logo se entrevistarán con encargados do Goberno para que estes dean a coñecer os amañs que se están a dar nas eleccións, entre eles o desigual trato en materias de información entre as centrais.

APREIXADO O BARCO DE "GREENPEACE"

O día vinte de xuño apreixaban o barco "Rainbow Warrior" da fundación ecoloxista "Greenpeace" destinado por esta para obstaculizar a captura das baleas.

O apreixamento realizárona dúas unidades da Armada Española a doce millas da costa española segundo as autoridades e a setenta segundo o Capitán do "Rainbow Warrior", cando baleeiros "Ibsa III" e "Carrumeiro".

Xa non é a primeira vez que iste barco téñ problemas desta caste, hai xa dous anos que a súa tripulación se vira sometida a xuício polas autoridades españolas.

CONTRA A LIBERTADE DE EXPRESION

Unha semana máis, case non hai semana que non condenen a algún informador, a liberdade de expresión sofriu outro ataque.

Desta volta foi o Garcia Salve, dirixente español de CC.OO., condenado a seus anos e un día de prisión por un artigo titulado

condenado a seis anos e un día de prisión por un artigo titulado **El timo de los indultos reales**, publicado en 1978; e de Xesús Vega da Coruña en relación coa campaña propagandística na que reclamaban dereitos democráticos para os soldados.

C.E.: "Cada un fala da feira como lle foi..."

UCD SIGUE ATACANDO COA CUOTA

Cerca de cuarenta e oito horas permaneceron detidos nas dependencias da comisaría de policía trinta e dous labregos pertencentes ao sindicato Comisiones Labregas o día dazanove entraron na sede da Xunta de Galicia.

Segundo declaracións dos detidos o trato recibido nas dependencias policiais non foi moi cordial. "O primeiro día metíanse con nos: évos qué facedes aquí? se forades coidar a baquiña. Sí home espera que che vou por unha negra para que te abanique". Ao principio tampouco non lles permitían falar por teléfono coas familias, anque o último día a situación xa era ben distinta.



ALBAN LAXE

A decisión de entrar na sede da Xunta o día en que esta ia celebrar un pleno, foi tomada despois de ter solicitado tres veces audiencia e unha entrevista co responsábel da entidade autonómica para tratar os problemas da Cuota Empresarial e a política Agraria do Goberno co fin de abrir unha negociación. "Lévounos tomar esta decisión, manifes-

taronnos os representantes do citado sindicato nacionalista, despois de que varios labregos foran vítimas da entrada do recaudador e da forza pública nos seus domicilios, premitandolles tratos, que son instrumentos de traballo e non o poden facer, ou levándolle unha neveira polo impago da Cuota, cando un decreto do Consellos de Mimitros

do catro de maio di craramente que a cuota é inxusta e vai ser suprimida".

Segundo os mesmos portavoces "nos tivemos que entrar ao non querer recibírnos, xa que se o fixeran non íamos vir de toda Galicia aquí, e entramos todos uns detrás doutros, sen quen facerlle mal a ninguén, nen a policía nen aos conserxes. Ninguén os mandou pór diante, se o celo é moi grande nos non lle temos culpa. Tiñamos que entrar e entramos". E, ao entrar un dos policías que se puxo diante foi levado en tromba e logo caíu. Un dos últimos que subía era un labrego xa de idade que quedou esperando haber se o policía se manicara, ao velo levantar dixo: "hai levantašte, logo non che pasou nada; ben, déixote logo e voume tamén para riba".

CULPABELA UCD

Segundo CC.LL. foron detidos "por pór en evidencia a política represiva e antigalega do Goberno Español e da Xunta de Galicia", responsabilizando destes feitos a UCD, ao Gobernador Civil e a Xunta. Manifestan así mesmo que o Gobernador Civil se escuso de falar os que se interesaban polos detidos e que quedou de chamar e non o fixo e que a Xunta se lavou as mans en

tudo este problema, pedíndolle a este organismo "que crarifiquedunha vez a súa postura diante deste trabuco inxusto".

Mentres os labregos estaban detidos a Guardia Civil dedicábase a "informar" aos familiares e segundo CC.LL. "foron contando mil mentiras e calumnias, decíndolles que eran uns burros, que se deixaban enganar, que ali había moitos derixentes do Bloque e que a eles os detiveran e a estes non etc., distinguíndose neste cometido a G. Civil de Sarria.

Toda unha campaña para enfurrñar a familias cando estes chegaran as casas liberados, feito que ocorreu o sábado despois de ter prestada declaración ante o xuez e de ser ter feito responsábel liberdade foi sen fianza.

Hai que resaltar, así mesmo, que o día vinte e tres se presentou o recaudador de Villalba, acompañado da Guardia Civil e de dous paisanos armados, supostamente de Fuerza Nueva, para precintarlle uns arados a un labrego da zona que adeudaba a Cuota Empresarial.

Por último Comisiones Labregas manifestounos estar "sempre dispostos ao diálogo sempre que sexa con alguén responsábel e que teña capacidade para decidir".

carta entreaberta

Os labregos na Xunta

Querida Directora:

Ainda teño medo que antes do 25 de xulio teña que falache de novo do Señor Otero Nomás. O xeito monxil e tímido deste bon señor fai que máis do ano esteña caladiño coma un pito, pero hai indicios de que a non tardar descolgaráse unha nova declaración programática que fará tremer as pedras. Xa sabes que o señor Otero Nomás é moi modosiño el, moi maino no seu falar. Onte contábame o alcalde de Fene que fora a Madrid con outros alcaldes máis pra falar de certos problemas, e dicíame que lle parecera pouca cousa. Non me estraña, e así lo dixen ó amigo Armoso, pois como el é quen roe, non lle fai falla ladrar. Aquí o problema é saber canto lle van durar os dentes.

Mais todo o mundo téndentes — agás eu, que me quedan poucos — como quedou demostrado estes días pasados polos labregos que tomaron a sede da Xunta en Santiago. Eu considero que ó Palacio de Raxoi non pode dárselle conside-



ración de Palacio de Inverno, pero de todos os xeitos, Palacio é. Debia dar gusto e ánimo ver aqueles mozos e vellos botando a pancarta por un balcón máis afeito a proclamas autonomistas que a loitas populares.

Despois chámanlles bárbaros porque entran trinteun máis ou menos pola forza, mais non se acordaron no seu tempo de calificar de barbarie a que mandou ir trinta guardias cercar unha casa labrega pra precintar un arado. Aquí cada un quen fala da feira segundo lle foi nela. O seño-

rito de Xanceda téñ moitos e bons alumnos.

Pero o que che digo tamén é que os da Xunta de Galicia, se seguiran carreira literaria, escurecerían a gloria dos máis grandes humoristas. Moi listos non son, saber non saben o que trán-entre mans, facer fan unhas caralladas ridículas, pero de cando en cando teñen faiscas de humor que case me obrigan a perdoarlles a carandia e o españolismo feroz que os caracteriza. Porque xa me diras se non é xenial o proporcionarlles aos labregos galegos unha entrevista con ese que xoga a ministriño de traballo da Xunta pra negociar e resolver o problema da cuota empresarial. Están tal vez dicindo que os labregos non son empresarios? Será quizaves que non saben o que significa labrego? Ou secadra é un problema de competencias?

Pero como dixi o outro, o grande vai ser cando os obreiros fagan igual cós labregos e os entrevisten co "conselleiro" de Agricultura.

DARIO XOHAN CABANA

O PASTOR ELECTRICO
NA SUA ZONA HAI UN DISTRIBUIDOR; PIDALLO

Rua Nova, 50
Apartado 322

Tel.: 982-217165
982-211107

LUGO

e Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística

Editada por "PROMOCIONS CULTURAIAS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XAI

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaia, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

O entusiasmo do popular a carón de lisa memoria das cousas e do tempo xuntanse nun literato dos nosos anos que so un libriño repartido polas tabernas da Coruña e unha escolma de revista deixen sua constancia agachada, case tan agachada como da obra do seu compañeiro grande o pintor surrealista Urbano Lugris: "Lugris nunca lle deu importancia a sua obra trocába por cousas, aproveitáronse moito del, mercábanlle cadros por dous reas porque necesitaba vivir diariamente... unha vez veu conferenciar un ministro, non sei se Arias Salgado, da emigración e empezou a facer numeroso ano pasado mandamos tantos para Venezuela, tantos para Arxentina, se Deus quere o ano que ven temos que mandar o 10 por cento mais" e Lugris, un home alto, ergueuse a berrar: beee, beee. Levaronnos aos dous -o Comisario, Manzano, que escribía noveliñas do FBI con seudónimo, convidounos a cea e soltáronnos a outro día-, pero o interrogatorio foi absurdo porque nunca decía o que tiña que decir: ¿Como se llama usted? Urbano Lugris, tengo nombre de tranvia..."

O seu nome é Antón Avilés Vinagre, ao pé do mar noíes, en Taramancos ("nunca podo escribir dentro do meu paisaxe, teño que saír e cribar un pouco dentro de min") ou en Colombia, vinte anos emigrante, unido polas novas que lle chegaban desde García Bodaño, facéndolle escribir versos en galego a un embaixador de Guatemala en Bogotá, tal é a confianza que pon na vida desde sempre. "Eu nacín galeguista, quizais polo meu orixe labrego e mariñeiro, e na época collín unha postura un pouco rebelde pero que era para min unha postura natural, non me facía falta unha idea teórica ou intelectual do galeguismo senón que era unha idea de home criado ao pé da Terra. Iso trouxome un pouco de problemas, incluso a nivel de escola de náutica, porque era un estudante raro antes de mais: sempre procuraba falar en galego, sempre escribín en galego, nunca escribín unha palabra en castelan"... mediaban os anos cincuenta.

AVILES DE TARAMANCOS

"Son un pouco da poesía secreta"

O Avilés adoita decir que foi, con Urbano Lugris, un dos últimos boemios que mais contos do teu convívio con ese home maior que facía tanto mural polas tabernas?


Iso era tamén un xeito de facer boemia, unha maneira de vivir porque nas tascas onde Urbano habitualmente pintaba nunca nos pagaban en cartos -era un axudante de pintor, pasáballe os pinceis, pasáballe as terras, pasáballe os ocos... pagaban en tapas de pulpo, tapas de xamón tazas de viño. Entón eu vivía nunha buardilla da rua Tabernas e Urbano na sua casa. Tiña cousas moi raras, entre elas tocar o piano cos pes e creo que era o único home no mundo que podía facer iso.

E tocaba ben?

E tocaba ben. Gustábanlle moito os tangos. Tiña incluso unha colección de discos de Gardel moi ben gardada, pero sobre todo coñecía moi ben a poesía galega e recitábas a todos de memoria, igual que a portuguesa; con el coñecín a Guerra Junqueiro, a Teixeira de Pascoas con el aprendín intimamente a vida de Pondal porque o seu pai, Lugris Freire, fora un neno moi amigo de Pondal, e sempre que pasabamos polo 22 de Xoana de Vega, onde vivira Pondal, subiamos ao piso e explicábame que Pondal escribía sempre de pe... tiña outros coñecimentos que eu non podía chegar a eles, falaba alemán correctamente -non sei onde o aprendeu- di que para recitar a Rilke e eu aínda que non entendía nada collía esa musicalidade. Tiña unha cultura moi profunda que os demais non entendían porque el estaba sempre en plan teatral.

¿Como chegaches de Noia a Coruña?

Cheguei para estudar para mercante, imposto un pouco polos meus pais pero non era o que sentía realmente e tocoume cair nesa boemia de ser un aprendiz de escritor, que é o que é un sempre na vida. Non sei por que, quizais por ese mundo que eu tiña que vivir sen ter medios, sen ter cartos, sen ter casa, un pouco orfo na Coruña, acolleume Urbano Lugris. Na vida literaria da Coruña de entón, falo dos anos '55, '56, '57 en que escribir en galego era case pecado, tiñásenos un pouco apartados, o caso é que para publicar o meu libriño "A frauta e o garmelo" tiven que facer un cursiño na Real Abadía de Samos para que o abade mitrado falara co sobriño, co Serrano



XURXO FERNANDEZ

Castilla, para que dera autorización.

A Samos fuches na compañía de quen mais?

Na compañía de Xosé Luis, o que pintou no claustro da abadía uns murais onde estou eu retratado catro ou cinco veces facendo de San Benito cando era mozo, facendo de demo porque había uns milagres do San Benito... había tamén un escultor catalán que hoxe se adica a facer queimadas na Coruña, Carlos Molla. Pero ao mes e medio botáronnos porque quixemos reformar a orde cousa que, ao parecer, non estaba permitido... ao fin o Padre Mauro falou co seu sobriño, o Serrano Castilla, que tiña unha mente un pouco de fiato -porque fora guarda de fiato en Málaga- e tiña pola poesía o mesmo concepto que se ten por unha mercancia: pode pasar polo fiato ou non pode pasar. A miña non podía pasar, aínda que era un libro sobre paxariños, pero coa recomendación do abade...

Despois, esa tua primeira obra cómo se publicou?

Foi unha suscripción popular feita nas tabernas da Coruña; os que estaban tomando tazas daban a 10 e a 15 pesetas; publicouse en Moret e os libros despois regaláronse mais ou menos aos que deran algo.

Fuches un dos que saíu do país, as veces, antes de saír do

Pardo Bazán. Entre nos había unha grande solidariedade, compartiamos o que tiñamos que era bastante pouco case sempre. Non sei se hoxe estas cousas teñen un sentido profundo do que se vivía entón pero a vida era compartida e iso quedaba grabado para sempre, nunca fomos donos de nada. Daquela coñecín a Novoneyra -a Salvador mais tarde, cando vin de regreso para Noia-, a Manuel María que facía recitais no Mercantil, no club San Amaro... Novoneyra líame os seus poemas "Os Eidos" que aínda non estaban publicados, sempre traballando neles, correxíndoos, aínda penso que hoxe está sempre facendo ncles.

E no sesenta e un saiches

Si, penso que son o último emigrante tradicional, o que ia para América e se perdía para sempre, porque agora non hai que atravesar o mar -o emigrante que chegaba a América como cheguei eu, sen cartos e sen esperanza de regreso, a Colombia que foi sempre a miña casa. Andiven os países andinos, Ecuador, Peru, Bolívia, non me gustou moito ir a Venezuela porque é un país rico e sempre tiven certo desdén pola riqueza: casei con colombiana, meus fillos son colombianos.

Se che dan arrepio os países ricos ¿que pensas do papel dos Estados Unidos en Latinoamérica?

É un papel xa descuberto e coñecido por todo o mundo, un papel asoballante, pero neste momento non lle pode xa ir ben. A xente sabe millor que son os EE.UU, da cantidade de cousas que leva non só no orde material senón espiritual, porque lle estiveron roubando a Latinoamérica todos os seus profesionais, que lle costaran moitos cartos a eses países e que os USA levan aproveitando un cursiño. Pero afortunadamente déronse conta disto, e hai unha reacción moi forte por parte dos estudantes para acatar os mandos das fundacións Roosvelt, Rockefeller, Ford que nunca dan nada sen pedir algo en conta; os pobos despertan, vaise facendo donos do seu, e os EE.UU téñense que ir de América.

Igual que nos anos cincuenta compartiches cos amigos...

...Con Urbano, con Alexandre, Naveira, Xosé Luis...

...Tamén compartiches en América, coído que un viaxe con Quadra Salcedo cando aínda non era coñecido

Fun, fomos polo Amazonas, fomos visitar unhas tribus indíxenas, fomos astra Iquito no Pe-

rú, astra Ciguazunga no Brasil, coñecimos toda unha parte que hoxe xa non é selvática, que andan a explotar para o turismo; mesmo as cobras de Quadra Salcedo eran cobras domesticadas, que aquí fixeron moito impacto e tal, pero que eran culebras que teñen aí para que os turistas se entreteñan, pelexen con elas. Foi unha época un pouco de aventura porque quixen meterme de verdade no corazón do pobo e fun un colombiano máis... un dos graves problemas do emigrante e non sentirse nen do país que está nen ser do país do que se foi.

E nesa aventura tiveches un encontro con outro galego

Si, un galego xefe da tribu dos Macús, que agora debe ter oitenta ou mais anos, que é de Betanzos, que levaba quizais vinte e cinco metido ali, que non quería saber nada da civilización, tiña arredor de cen fillos, sentíase tranquilo facendo un labor moi importante na tribu e estaba integrado coa sua xente, era conselleiro de varias tribus ademais de menciñeiro.

O oficio de menciñeiro, debe mesmo ter influencia social ¿que dis de Regina Once?

Empezou cun consultorio en rádio, chamábase "Doctora corazón", que aconsellaba as parexas e así. Profesionalmente penso que non é nada pero foise metendo na parasicoloxía, na medicina natural, -que se utiliza moito e seriamente nas tribus- chegou a abrir un consultorio, foi moito xente ao pé dela, arranxou problemas -porque ten certa disposición para os arranxar- e chegou a ter fama. Pero é un caso mais entre centos.

Esta xente é manipulada politicamente ao millor polos propios EE.UU?

Son aproveitados non polos EE.UU tipo goberno senón por certas sectas USA e poden chegar a termos catastróficos dominando mentes de xente inocente, como pasou na Guyana non hai moito.

E, por fin, as razóns da sua volta

Non é unha razón económica, é unha razón fundamental do home. Chega un momento que tes que decidir se quedar en América para sempre ou voltar a terra e se o pensas seriamente indubidabelmente escolles a tua terra. Porque eu nunca podería ser outra cousa que galego... no outro sempre son un fracaso.

MARGARITA LEDO ANDIÑO

MUROS, O PAN VEN POLO MAR

¡Onde van aquelas antigas festas de Muros, de verdadeiro espírito popular! Os gaiteiros tocaban nas romarias de San Roque, Corpus... Logo viñeron as charangas con concursos de baile de xota e muñeira, cucañas, regatas de canoas, a pesca dos patos no mar polos rapaces, as mozas co traxe muradan, o mais bonito de Galicia segundo os entendidos. E aquela banda de música dirixida por don Valentín? ¡Que tempos aqueles! Agora organiza un "Mister Feo" e mais unha Cabalgata de Reis. ¡Eche unha pena!

O municipio de Muros, identificado coa mesma vila de Muros, considerada monumento histórico-artístico, cunha antiga colexiata, abranxe outras seis vilas cunha serie de características que as configuran en moitos dos casos como ideais de cara ao turismo e a explotación pesqueira. Unha das parroquias máis antigas do municipio. Tal coas súas praias de Cabanas e Area Longa, caracterízase polo seu alto nivel de vida. Louro, coa praia de San Francisco, a súa lagoa de gran valor ecolóxico, conserva restos prehistóricos amais do convento dos Padres Franciscanos. As grandes posibilidades turísticas e a consecuente especulación do chan que está dando pe ao caos urbanístico, están dando ao trasno coas súas posibilidades non só nestes pequenos vilas senon tamen coa de Esteiro. A segunda parroquia do municipio en habitantes, Serres, boxendia suburbio da Vila, pudo ser "entidade local" hai moitos anos, conta con grandes recursos marisqueiros. Pola contra, Abelleira está moi vencellada ao agro, cun importante matriarcado e prácticas sociais. Mesmo Torea, única parroquia sen litoral, polo traballo infrutuoso no agro e rexeitamento ás innovacións pola marxinação secular, sufriu unha forte emigración a Europa interior

O mar constitúe desde sempre a principal fonte de riqueza do municipio de Muros. Por iso non é de extrañar que a crise xeral do mar repercuta no desenvolvemento da comarca. Deste xeito, o marisqueo, tradicionalmente actividade marxinal das familias mariñeiras e sómente de ocupación en épocas moi curtas, debido á falla de planificación no explotación das praias, está practicamente esgotado. Hoxe en día a actividade marisqueira céntrase nos bancos de área da ría frente do Freixo. A pesca de baixura, que integra ás explotacións baseadas en pequenas embarcacións ou motores de ámbito familiar, sufriu unha grave crise, a principios de década, en beneficio do arrastre,

ainda que no presente esta a aumentar o número de barcos, pola falla de postos de traballo na Mariña mercante ou o desexo dos nosos emigrantes de facerse cun posto de traballo na nosa terra. A pesca do arrastre, realizada polas 18, "bacas" que hai no axuntamento, é quizais o sector en situación máis crítica pola política pesqueira e crediticia do Goberno español. Moi vencellada ao mar funciona a Lonxa municipal do porto de Muros, cuxa importancia radica no feito de que a través dela ingresanse 40.000 pesetas diarias nas arcas do Axuntamento, empregando directamente a seis funcionarios. Arredor dela viven unha veintena de intermediarios que traballan

incumplindo as condicións de hixiene, reglamento de lonxas... Doutra banda, a pesares de que a industria conserveira tivo un forte florecemento, 16 fábricas, montadas e controladas por familias catalanas na súa maioría, esta case esnaquizada, ficando sómente tres desas fábricas.

ENSINO E CULTURA

A situación do ensino no municipio é deprimente: na pre-escolar os veciños de Esteiro (núcleo de 3.000 habitantes), co apoio da AN-PG, conseguiron dúas plazas grazas a súa loita. A vila, con toda presunción de capitalidade, aínda non ten aulas para parvulos por falla de locais, froito dunha absurda política municipal que cede habitacións no edificio do axuntamento a todos os Ministerios que lles piden, e sen embargo, non da nen un pupitre para o ensino de EXB no, que se contan sómente con dous colexos-estatais, un en Esteiro, con 23 mestres, e outro en Muros, con 34. Esta concedido outro para Louro e aínda fai falta outro máis para Abelleira.

Mesmo carécese de Instituto e en consecuencia os rapaces do municipio que queiran seguir estudos medios teñense que desprazar a Cee e a Noia. A pesares de que a Corporación municipal aprobou hai pouco as bases para a adquisición de terreos de cara a construción do Instituto, terreos que ao parecer están xa adquiridos por unha Comisión extraña ao Axuntamento, non hai tomadas ningunha medida oficial para a súa creación.

A actividade cultural caracterízase pola falla de locais e centros culturais (non hai en todo o municipio un local para representar unha obra de teatro ou dar unha conferencia) e a necesidade de impulsar o deporte popular. Cuxo único exponente é o trofeo de campo a través "Medico Ricardo Tobio" de Esteiro. Daí derivase que as únicas diversións e medios de expansión dos xóvens son as discotecas, os bailes e as tabernas, sen que por parte dos órganos locais de poder se tome iniciativa algunha destinada a fomentar a cultura.

INFRAESTRUTURA E RECURSOS SANITARIOS

Na actualidade hai un centro de consultas (Casa do Mar) onde, cun horario restrinxido, traballan dous médicos e un ATS, que adican a maior parte do seu tempo á consulta privada, na vila de Muros. Hai outros dous médicos e un ATS que atenden aos afiliados da Seguridade Social en Esteiro, así como outros dous médicos que exercen de xeito privado e con adicación parcial.

Nos niveis secundarios e terciarios a asistencia esta dentro da área de atracción de Santiago distante 72 kilometros, distancia considerabel se se ten en conta o estado da rede viaria e máis o criterio de que todo o centro médico-quirúrxico hospitalario non debe distar máis de 40 kilometros do punto máis lonxano

SERVICIOS PUBLICOS

Neste sector evidencianse unha boa chea de fallas e deficiencias. Un servizo de recollida de basura en mans privadas, restrinxido ao casco da Vila que funciona deficientemente e non

dispon da planta de tratamento, despoñendo os residuos en vertederos públicos. Doutra banda a traída de augas municipal sómente abranxe a Vila e parte de Serres, sufrindo importantes restricións ao longo do ano. O alcantarillado, servizo moi descoidado desde sempre, escomenza agora a prantexar serios problemas sanitarios, e a nivel global a súa situación é inalcanzabel polo axuntamento, concretamente nos casos de Esteiro e San Francisco. Asemade vanse iniciar obras de saneamento dos lugares de Boavista e Campo de Cortes.

Tamén é de salientar a falla de teléfonos particulares e cabinas en toda a comarca, excepto en Muros e na parroquia de Serres. Asimesmo, a nova corporación está comprometida na aprobación dun Plan de Urbanismo, hoxe inexistente pero en fase de estudo, dada a anarquía e aberración que representa no sector a construción.

Dado que o municipio de Muros esténdese ao longo da estrada C-550 e constitúe o eixo das poucas pistas locais e camiños que baixan das parroquias, o defectuoso estado da rede viaria ven agravar os problemas de comunicación cos municipios veciños amais de que as liñas diarias están cubertas por dúas empresas de transporte que moitas veces non responden as necesidade reais da poboación.

Asimesmo, o alumado público practicamente so existe na vila, en moi malas condicións e como o municipio esta enclavado na zona de Electra del Jallas S.A., o suministro é irregular e deficiente.



A NOSA TERRA

BAR

MIRAMAR

Especialidade en Tapas Variadas e Bons Viños

Av. Marina N. 51 Tf. 826119 MUROS

ELECTRODOMESTICOS

CARPINTERO

Distribuidor oficial

THOMSON

A Xesta, 37, Tf. 8226133 MUROS

BAR

FOCO

O bar que non necesita propaganda

C/ Avenida da Marina

MUROS

BAR RESTAURANTE

A esmorga

Desexase boas festas patronais no "CABO" MUROS

AUTO-ESCOLA

RUA

SAUDA E DESEXA BOAS FESTAS A TODOS OS VECIÑOS

Tefono: 827041 Portugaleta N.5 MUROS

VIAJES CANTABRIA, S.A.

BTES AEREOS, FERROCARRIL EXCURSIONS, HOTELES CRUCEIROS MARITIMOS.

A súa axencia en MUROS

ELECTRODOMESTICOS

CASTRO

T. V. Color KOLSTER

C/ Real-36- MUROS

CALZADOS PAIS

Casa fundada en 1.881

CORCUBION-CEE- MUROS- LA CORUÑA

RESTAURANTE MARISQUERIA A LAREIRA



Portugaleta- MUROS

DROGUERIA PERFUMERIA

RAYFER

Rua José Antonio N. 12 MUROS

OS INCENDIOS FORESTAIS E A RIQUEZA MADEREIRA EN PONTEVEDRA

A provincia de Pontevedra, ten un lugar privilexiado no crecemento e desenrolo de masas forestais a nivel galego, pois tanto o seu clima suave sen oscilacións bruscas de temperatura, a súa precipitación e humidade abundantes ao longo do ano, a altitude baixa con relación o nivel do mar, a luminosidade, o chan fértil... etc, son todos factores que contribuen a que na provincia de Pontevedra, principalmente na metade occidental perto do mar, medren e se desenrolos entre tres a cinco veces máis as especies forestais que no resto de Europa.

Fixemonos primeiramente no seguinte cadro:

- Superficie xeográfica de Pontevedra: 447.700 Has.
- Superficie forestal: 307.832 Has.
- Superficie arbolada: 175.009 Has.
- Número de montes: 401.305.
- Número de incendios desde o ano 1.972 ao 1.975: 2699.
- Superficie queimada desde o ano 1.972 ao 1.975: 50.048 Has.
- Perdidas aprox. desde o ano 1972 ao 1.975: máis de 1.000 millóns pts.

Despois destas cifras, ninguén dudara da importancia que teñen, economicamente falando os incendios forestais, sen ter en conta xa os problemas de erosión e transporte de terra que se está producindo na maioría dos terreos inclinados e ladeiras que quedan sen cuberta vexetal por algun tempo. A consecuencia deste fenómeno que supón unha perda incalculábel vaixe dar un cambio irreversible neses terreos, aparecendo e destacando a luz do día penedas que fan incultivable ou reforestábel a zona por decenas ou centos de anos, a erosión e degradación do chan é un preçio que tamén se paga a consecuencia dos incendios forestais.


Na provincia de Pontevedra predominan as coníferas na vexetación arbórea, principalmente Pinus pinaster e Pinus insignis, seguindo despois as frondosas, pero principalmente os alcitos. As árbores propias do país quedan reducidas a pequenas extensións e principalmente danse na zona oriental, lindando xa con outras provincias, os carballos, castiñeiros, bidueiros e demais árbores de folla caduca foron drasticamente eliminados fai aprox. 40 anos para substituílos por árbores de folla perenne e de crecemento rápido, co obxecto de ter materia prima para utilizar nas Celulosas e fabricar papel, proceso que aínda hoxe non se fai en Galicia, unicamente se fabrica pasta para o papel en Celulosa-Elnosa de Pontevedra, proceso que é o máis contaminante de todo o ciclo de produción (alta contaminación na Ría de Pontevedra) e o que menos postos de traballo da.

Vexamos a extensión que ocupan as árbores, e o tipo de monte onde se atopan.

- Arbolado de coníferas (pinos): 147.786 Has.
- Arbolado de frondosas (alcolitos, carballos e outras): 23.196 Has.
- Arbolado mixto: 4.027 Has.
- Monte alto arbolado: 149.119.
- Monte medio arbolado: 25.790.
- Monte baixo arbolado: 100.

O reparto da superficie forestal da provincia e a seguinte:

- Montes consorciados con ICONA: 55.362 Has.
- Montes de U.P. non consorciados: 40.779 Has.
- Montes dos Axuntamentos: 14.083 Has.
- Montes particulares: 197.246 Has.
- Montes do Estado: 362 Has.



A produción en m3 de madeira con corteza nistes montes e a seguinte:

Ano	M. Consorciados con ICONA	M. dos Axuntamentos	M. de U.P. non cons.
1974	85.066	7.426	48.111
1975	104.900	10.245	55.189
1976	150.112	0	82.411
1977	184.092	9.700	73.885
1978	138.215	12.273	39.068
M. Particulares			Total
254.338			395.091
172.293			342.627
200.758			44.201
185.058			427.045
M. do Estado		150	
		0	
		119	
		0	

As posibilidades de corta de madeira en metros cúbicos sen corteza desde o 1.977 ao 1.979 foron:

- Pinos: 870.000
- Alcolitos: 280.000
- Carballos: 20.000
- Otras: 20.000
- Total: 1.190.000

Estas últimas cifras totalizadas significan a cuarta parte das posibilidades de corta a nivel galego, unicamente superadas pola provincia da Coruña, e representaron a terceira parte da demanda de madeira en Galicia nese triénio (3,3 millóns de m3).

Os incendios forestais, poñen en perigo todos os anos esta riqueza madeira, sendo os beneficiados os monopólios da madeira e os intermediarios que compran a baixo preçio madeira queimada que logo utilizan practicamente igual que a outra. O Goberno español está lonxe para arbitrar medidas e por solución a un problema que afecta a todo o Pobo Galego, unicamente unha forza política galega a Asamblea Nacional Popular Galega (AN-PG) se dirixiu aos axuntamentos, Gobernadores civís, Delegados do Ministerio de Agricultura para protestar pola continua queima dos montes galegos, e esixir das autoridades competentes todas aquelas medidas encamiñadas a solucionar este problema, entre as cais destacan:

- 1- Detención e xuício para todos aqueles que cometan graves atentados contra de todo un pobo.
- 2- Dotación nas nosas parroquias, comarcas e vilas dos medios técnicos precisos para deter o lume coa meirande eficacia e rapidez posíbel.
- 3- Acelerar ao máximo o proceso legal de clasificación e devolución dos montes veciñais aos seus lixítimos propietarios, por coidar, que a súa riqueza, sen protección legal, é, entre outros motivos, un dos que explica a codicia e a presa dos incendiarios.
- 4- Deter axiña unha repoboación forestal a base de piñeiros e alcolitos, que en absoluto e axeitada ao noso chan, ao noso clima e as nosas necesidades industriais.




Esperemos que ante a presión exercida dende Galicia o Goberno español adopte medidas encamiñadas a solucionar un problema do cal ten a máxima responsabilidade e ademais é a el a quen unicamente lle compete.

RAMON VARELA DIAZ

don agosto

Por XAQUIN MARIN





em
do
con
tad
ano
ción
por
que
zos
po-
duc
rio
pou
ses
guay
palm
med
prim
foi
ben
Pon
cara
vai
rens
tanc
o - a
dos
sent
emig

nos
de e
fras
A C
12
Pop
5

cias
bare
10.0
dest
xeni
des
cara
dad
grar
en
men
vide

terra
anos
do d
res,
a Ar
a per
ción
emig
ruña
princ
moit
entó
to le
emig

Nas primeiras décadas deste século, a nosa terra sufriu un masivo éxodo de emigrantes.
 "En América fai falla moita xente para traballar", decíanlles.
 E así, homes, mulleres, familias inteiras vendían as súas terras a quen, a súa costa, se ía lucrar dabondo.
 Cuns poucos cartos nos petos chegaban a Vigo desde as súas aldeas.
 Outros ían facer medrar os seus negocios aproveitando a necesidade que a nosa xente tiña de procurarse un traballo para poder saír da miseria secular na que estaban sumidos.
 Os "ganchos", homes que ían recollendo xente polas aldeas para que emigraran, as Casas Consignatarias, o Goberno ían ser os únicos beneficiarios desta emigración.
 Moitos deles tiveron que vender todo para poder marchar, marchar nuns barcos onde apiñados nas adegas pasaban os trinta días que viña a durar o viaxe. Outros tiveron que quedarse.
 Alguns foron metidos en pequenos barcos e cando, ao cabo duns días desembarcaron, decatáronse de que as Américas non eran senón Cangas ou Moaña.....

Levalos a toda costa TRAFICO DE EMIGRANTES

Se comparamos a corrente emigratoria galega coas restantes do Estado podemos comprobar como veu representar case a metade do total estatal. Desde o ano 1911 astra o 1965, a emigración galega a ultramar veu a supor un total de 1.117.136 persoas que tiveron que abandonar forzosamente a nosa terra. No tempo que vai do 1861 ao 1914 prodúcese o maior exodo emigratorio galego. Dese último ano astra pouco antes da guerra civil países como Arxentina, Cuba, Uruguay, Venezuela e Brasil, principalmente, acolleron a máis de medio millón de emigrantes. A primeira provincia en emigración foi Ourense, seguida de Lugo. Se ben no século XIX A Coruña e Pontevedra iniciaron a emigración cara a Europa, a medida que se vai achegando o século XX, Ourense e Lugo medran en importancia astra equiparalas. Chegado o actual século, o continxente dos nosos emigrantes veu a representar o 33 por cen do total da emigración do Estado.

Deseñada por provincias e nos anos 1911-1920, o número de emigrantes veu a supor as cifras de:

A Coruña	Lugo	Ourense
124.335	86.565	98.760
Pontevedra	Galicia	Estado
94.523	404.183	1.279.872

Por aqueles anos as provincias da Coruña e Pontevedra embarcaban anualmente arredor de 10.000 persoas. Os puntos de destino nun principio foron Arxentina e Uruguay. As dificultades existentes na Arxentina de cara a conquistar terras en propiedade, obrigou a que os nosos emigrantes se tiveran que establecer en zonas urbanas, fundamentalmente en Buenos Aires e Montevideo.

TRAFICAR COS EMIGRANTES

A miseria que asolaba a nosa terra provocou nos primeiros anos deste século un masivo exodo de emigrantes. Homes, mulleres, familias inteiras tentaban ir a Arxentina, fundamentalmente a procura dun traballo. Esta situación ía dar pé ao comercio de emigrantes desde o porto da Coruña, o de Vilagarcía e o de Vigo, principalmente. Aínda hoxe moitas das persoas que por aquel entón estaban a traballar no porto lembráronse de como os nosos emigrantes foron enganados po-

las casas consignatarias a través dos seus intermediarios, os "ganchos", para levalos as Américas e deste xeito obter bos beneficios. O señor Francisco García foi un dos que nos veu a contar como se chegou a artellar unha rede, que co permiso do Goberno, levou a que os nosos emigrantes foran mercancia de tráfico, "ao rematar a guerra europea do 14 escomezaron a chegar os buques alemáns pero xa traían mesas, camarotes para os emigrantes, porque antes ían todos metidos nas adegas de botaballes a comida, para todos, nas gabetas. Se querían xantar un pouco millor que aquel rancho que lles daban tiñan que pagar dúas libras e cando algun deles enfermaba polas noites, xa no viaxe dabanlles un caldo de galiña que consistía nun pouco de agua, unhas gotas de aceite e dúas plumas de galiña, "¿pero isto?, preguntaban, e respostábanlles ao probe do home: se non o quere vaia buscalo a tenda de enfrente...".

AS CASAS CONSIGNATARIAS

Alo polo ano 58, no porto de Vigo chegaron a embarrancar a diario máis de dez buques, ingleses, arxentinos, alemáns. Na memoria de moitos aínda ficaban nomes como os de "Marques de Comillas", que facía a ruta La Habana-Vigo, "Guadalupe", "Santa María", "Juan de Garay", "Alberto Dodero", "Yapeyu", "Alcantara", "Highland Brigade", "Highland Chieftain", "Monte Udala", "Monte Urbasa"... O primeiro buque que estableceu servizo regular con Sudamérica foi o "Theviot". Oficialmente, todos eles viñan a cargar mercancia e correo, amais de pasaxeiros, "no muelle da Estación Marítima deixara pasaxe e correo..."

A Compañía que realizaba os viaxes que artellaban as Casas Consignatarias era a "Royal Mail Steam Packet Company", coñecida polo alcume de a "Mala Real Inglesa". No ano 1839, foralle concedida a patente real pola raíña Victoria de Inglaterra, dispoñéndose dun capital dun millón quinientas mil libras esterlinas. O fundador fora James Macqueen, quen nun principio concebiu a liña de comercio con Inglaterra, Norteamérica e Costa do Caribe, para logo extenderlos a Portugal e conservalos ao tocar en Vigo. No ano 1849 estableceuse o primeiro servizo con Brasil-Plata.

O PRIMEIRO BUQUE QUE TOCOU EN VIGO

Unha das Casas Consignatarias que operaban en Vigo e que ía adicarse de cheo ao tráfico de emigrantes, foi a casa "Estanislao Durán e hijos, S.A.". Sendo consignatario o sr Estanislao Durán Civeiro, a "Royal Mail Lines" enviou ao "Tamar" e durante os oitenta anos que a compañía manteu contacto marítimo con Vigo, a flota foi renovada constantemente, pasando dos barcos a vela e paletas aos de hélices como o "Dambre", o "Shanon"... Na primeira década do século XX entraron en servizo o "Aragón", "Araguaya", "Asturias", "Arlanza", "Almanzora". Despois o "Deseado", primeiro que voltou a Vigo ao remate da guerra europea do 14 e no ano 1927 o segundo "Asturias" e o "Alcantara". Este entrou en servizo no porto de Vigo no ano 1927.

No mesmo ano do 58 os viaxes que a Consignataria "Estanislao Durán" levou a cabo de Vigo a Sudamérica, no período de catro meses foron:

- 17 xuño -Highland Princess
- 1 xullo -Highland Monarch
- 22 xullo -Highland Brigade
- 12 agosto -Highland Chieftain
- 2 setembro -Highland Princess
- 10 setembro -Andes
- 16 setembro -Highland Monarch
- 7 outubro -Highland Brigade
- 23 outubro -Andes
- 4 novembro -Highland Chieftain
- 25 novembro -Highland Princess
- 9 decembro -Highland Monarch

A Casa Consignataria que realizaba estes viaxes era principal, ente a de "Estanislao Durán" amén doutras como a de "Antonio Conde e hijo", "Fernando Conde e hijo", "Bonifacio Logares", "Contrasa", "Ibarra", "Barreras" e "Reboredo Isla".

OS GANCHOS, INTERMEDIARIOS DAS CONSIGNATARIAS

De cara a recoller xente das aldeas e vilas das provincias de Galicia, e sobor de todo de Ourense, cada casa Consignataria tiña os seus "ganchos". "Os ganchos ían polas casas reclutando xente. Poñíanlles os cartos aos paisanos para mercar o pasaxe. A cambeo, tiñanlles que vender as terras que tiveran ou a casa. Por aquel entón, o coste do viaxe eran unhas 600 pesetas". Amais disto, canta máis xente conqueri-

ra xuntar o "gancho" máis ganancia, xa que por persoa emigrada o "gancho" recibía unha determinada cantidade de cartos. Unha vez que chegaban a Vigo, a rede de comercio extendíase pola cidade de tal xeito que mesmo había outras persoas que se adicaban a dar pousada aos emigrantes. "Un deles, os traía para Vigo e outro enlace buscáballe unha fonducha de mala morte -segue a contarnos o sr. Francisco-, onde durmían tres ou catro na mesma habitación. Unha das máis coñecidas foi a da Rufina, no bñrrio do Cura, tiña dúas habitacións onde amontoaba a todos os que ían marchar e para que se taparan pola noite dábanlles sacos de forraxe... Era unha trata de excravos porque facíanlles crer que en América aos cans os ataban con longanizas".

Unha vez que estaban acomodados nas fondas, os donos facían as súas falcatuadas para sacarlles máis cartos. Tiñanos días e máis días ali coa excusa de que o barco ía saír. "Vos non vos preocupedes -decíanlles- que nós amañamos todo. Pero se os podían ter quince días non os tiñan dez...".

Sen embargo, todo non ía ser tan fácil para os nosos emigrantes. Carrera contounos como na estación do tren funcionaba outra rede que se adicaba tamén a sacarlle os cartos, os poucos cartos, que traían, agardaban aos emigrantes que chegaban no tren e decíanlles que había un barco embarrancado no Castro. Subían astra alí e camelábanos para que namentras o barco non saíra xogaran as cartas. E así aramplábanlles con todo. Logo tiñan que voltar as aldeas a vender, se é que aínda lles quedaba algo, terras para poder mercar outro pasaxe.

Polas noites eran cando embarcaban aos emigrantes nos buques. Levábanos nunhas chalanas astra onde o buque estaba atracado. Namentras isto acontecía, o capitán durmía para darse por non enterado do que estaba a pasar. O capitán xa os levaba como emigrantes, porque tamén poñía a man. Embarcaban no Arenal, viña un barco pesqueiro os collía e saía par o mar con eles. No mar facían unhas señais de luces, o barco paraba e así facíase o cambeo. Deixábanos alí e decíanlles "maña ven a

dotación e o barco sai ao mar". Pero, moitas veces en vez de chegar a dotación quen aparecía era o guardian, quen ao velos alí preguntáballe:

-E logo, ¿vostede que fan aquí?
 -Nós imos a América
 -¿A qué?, ¿a América?, veña, home, veña... para terra.

Deste xeito botábanos de novo para terra e quedábanse sen cartos e sen ter a quen reclamar.

ADEVERTIRSE A COSTA DOS EMIGRANTES

"Todo isto o sabía o Comandante de Marina. ¿Sabes o que facía moitas veces?, pois, cando tiña algun convidado na casa chamaba ao ordenanza e mandáballe que fora ao muelle e trouxera ao Prim para que lles contara casos deses... O comandante e os amigos, a medida que o Prim ía contando, veña a rirse, a rirse...".

Os emigrantes marchaba para Sudamérica sen ningún tipo de documentación na maioría dos casos. "Se os pillaban antes de chegar a Arxentina, deixábanos no porto que fora, porque o capitán dun barco se collía a un deles, poño por caso en Bilbao, entregábao as autoridades en Vigo - segue a contarnos o Sr. Francisco - pero todas as facturas de viaxe, comida... pasábanlles a Casa Consignataria. Entón, algun capitán os deixaba escapar".

Durante o viaxe estaba prohibido subir a cuberta. Ían todos metidos nas adegas, os trinta días que viña a durar o viaxe. Comían do que trouxeran das súas casas, familias inteiras, veciños e as veces toda unha aldea. "Ao chegar a Arxentina o sistema repetíase - decíanos Carrera -. Había unhas persoas que agardaban a chegada dos barcos para coller aos emigrantes e leválos as súas fondas onde os tiñan durante moito tempo, astra que os emigrantes toparan algun traballo".

Moitos deles ficaron en países alleos. Outros voltaron coas mans valeiras sen ter nen xiquera un anaco de terra onde poder traballar porque nada tiñan. Asemade, quen dun xeito ou outro fixo bós negocios a súa costa seguía a lucrase doutros moitos que coma eles tiñan que emigrar.....

XOSEFINA L. CORRAL



Foto XURXO FERNÁNDEZ

A outra cara da festa
OS MUSICOS DE TERCEIRA

de terceira, e digo de terceira, non pola execución da profesión, senón pola consideración laboral que deles se fai, especialmente en Galicia dada a gran diversidade de vilas e núcleos urbanos, que esixen pola súa propia configuración e existencia dun alto número de profesionais de música para poder cubrir a nosa geografía.

Pero antes de profundizar no estudo da problemática laboral, social e fiscal dos músicos de terceira, hai que resaltar como causa fundamental o feito de que normalmente son traballadores que prestan os seus servizos a distintos empresarios cada vez, por isto veise dificultada entre outras a labourea de reivindicación, e digo normalmente, posto que mais adiante tocarei o tema dos grupos comprados por terceiras persoas.

1- Contrato de traballo: Na actual lexislación laboral desta rama establécese "a necesaria obrigación de realizar un contrato de traballo, cada vez que os músicos vaian prestar os seus servizos como tais". Na práctica isto non se levou a cabo, pero actualmente debido as presións emprendidas polos músicos, empézase a conseguir que o empresario firme o contrato, que como sabemos é o arma fundamental de reclamación diante de calquera evento posíbel.

Pero non se pode pensar que a firma do contrato sexa a solución a todos os seus problemas, pois se anteriormente os músicos non tiñan un contrato e se encontraban (desde o punto de vista xurídico) totalmente indefensos, a realidade é que aínda co contrato desde un punto de vista máis real a situación é moi parecida, pois dado o caso (non frecuente) de que un empresario infrinxa o contrato (por exemplo: que tendo contratados dous grupos prescindira dun por inconvenientes persoais ou da empresa) o grupo pode efectivamente tomar dous camiños, o primeiro sería denunciar o incumplimento do contrato e o segundo transixir a situación como se nada ocorriese. Evidentemente este último é o máis frecuente pois asegúrase, por así decilo, a volta algún día a ese lugar pra acometer algun outroposíbel traballo, e no suposto de que seguisen o primeiro camiño, o que terían asegurado é que por esa zona non ían traballar máis, e isto sen ter en conta o caso poidera repercutir noutras empresas o cal agravaría aínda máis a situación. Pero que xa non terían tan asegurado é o cobrar ese soldo pois o procedemento de denuncia por unha reclamación de cantidade non é que digamos moi rápido e aínda por riba, unha vez ditada sentenza, o normal é ter que pedir a execución da mesma, xa que a parte condenada do empresario cara a que maxistratura proceda ao embargo correspondente.

Pero aínda feito todo isto o cobro demorarase, xa que o empresario pode entregar unha porción do salario e automaticamente suspéndese o embargo, tendo que repetir o procedemento sinalado, astra que algun día se chegue a cobrar a cifra que se demandou, pero enón xa non é a mesma pois tendo pasado como mínimo un ano a devaluación e inminente.

Noustrante, a realidade é que aínda son bastantes os empresarios reacios a firma do contrato o cal dificulta enormemente a seguridade no posto de traballo, pois a pesar do antes dito ofrece sempre unha garantía, e queirámolo ou non e preferíbel tardar un ano en cobra que non facelo endexamais.

2- Impostos fiscais: Ao músico como calquer traballador descontaselle cada vez que recibe o salario, o porcentaxe establecido a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (I.R.P.F.). Nesta profesión o porcentaxe é fixo (un cinco por cento) para todos os traballadores, que o empresario deberá descontar a hora de facer o pago correspondente, á vez que firmará o recibo xustificante de tal feito.

Esto a simple vista parece que non tería que ocasionar ningún problema, pero non é así, debido por unha banda a falla da información empresarial sobre o tema, e por outra a que os empresarios, aínda no caso de estar informados, optan por non reter ese cinco por cento para non ter que declarar os ingresos reais dese baile, reducindo a súa tributación anual ao Estado, deixando unha vez máis ao traballador, na completa ilegalidade fiscal, que lle ocasionará perxuícios meirandes a hora de efectuar a súa declaración da renda ou a súa declaración semestral de estimación obxectiva singular.

A práctica ilegal exercida por bastantes empresarios, pódese resumir en dúas situacións, a saber: primeiro, non efectuar retención algunha pra ocultar (a efectos fiscais) a as prestacións habidas por ambas partes e segundo, reter unha cantidade menor do legalmente establecido en orde a poder reducir os movementos do capital, que ao longo do ano experimente a súa empresa, co que a súa tributación descenderá vertixinosamente, sen médio algun para demostrar o fraude, pois as empresas que levan a cabo esta práctica son precisamente as que ou ben non firman o contrato ou ben fanlle firmar os traballadores un contrato por menos cuantía aínda cando ao final lles pague o acordado previamente.

3- Seguridade Social: Son unha minoría os músicos que poseen cartilla de asistencia sanitaria polo réxime especial de artistas da Seguridade Social, que teoricamente haberíalles que aplicar, xa que son poucos e a duras penas os empresarios que efectúan o pago das cotizacións da S. Social.

Establécese na lexislación do réxime citado (moi lonxano da realidade laboral desta rama) que as cotizacións das actuacións terán de ser ingresadas antes de ter visado o contrato, isto é que a cotización a S. Social terá que estar coberta antes de realizar o traballo, polo empresario, que no seu momento descontará o porcentaxe que corresponda aos traballadores (o oito por cento do salario mínimo interprofesional). A práctica demostranos que a realidade é moi outra, é unha vez máis no perxuício dos traballadores, posto que normalmente o grupo ou orquestra é quen formaliza os trámites de pago a S. Social, co risco de que o empresario por riba de non aportar o seu porcentaxe, tomie represalias contra o grupo que lle esixa o pago das cotizacións.

Este, como no caso do contrato é un dos problemas máis difíciles de solucionar, xa que para denunciar ao empresario por non facer pago da S. Social, hai que facer constar na denuncia os nomes do grupo e traballadores, co que o empresario saberá quen foi o denunciante e poñerá a funcionar a solidariedade empresarial de boicotear ao grupo ou grupos denunciante, coa forzosa entrada destes no paro real.

Teríamos que preguntar: éten a Administración algun médio para tratar de evitar isto?— Evidentemente que se quixera o tería, dado que non fai falla ser moi intelixente pra deducir que se unha sala de festas inscribíese coma tal

no Ministerio correspondente, o que a simple vista é lóxico, é que alguén terá que executar o traballo, tendo que estar dado de alta na S. Social. Pero como único médio de facer entrar no xogo ao inspector é de prévia denuncia, volve-mos a problemática exposta no punto anterior.

4- Axentes: Por se foran poucos os problemas deste traballadores, aínda por riba hai que resaltar que o sesenta por cento dos traballos que realiza un grupo ou orquestra ao ano son traballos que "lle pasa" un axente artístico (vulgamente coñecidos coma intermediarios) e que lles cobra o dez por cento do ganado por cada traballo, co único esforzo de saber marcar un número de teléfono e procurarse unhas cantas amistades que lle proporcionen o traballo.

Na realidade o que acaba embolsándolle un axente a un grupo ao cabo do ano, chegaría para que os componentes do mesmo non tiveran que traballar durante un mes, pois aínda que se trate do dez por cento, enténdese aplicado sobre o bruto a cobrar, do cal os músicos terán que descontar material, transporte, manutención etc. Así por exemplo: se un grupo cobra 40.000 pts e ten de gastos 13.000 pts (o normal) quedánlle pra cobra 27.000 que repartidas entre os traballadores, tocaríalles pouco máis ou menos a 3.300 unidades mentras que o axente cobraría 4.000 pts sen pagar nada, que ao cabo do ano (se lles da 50 traballos sen pegar golpe, que ao cabo do ano (se lles da 50 traballos) suporía unhas duascenas mil pesetas, e isto sen ter en conta que as veces o grupo (e polo tanto o intermediario) cobraría máis.

Os axentes son por outra banda, os grandes culpábeis da non aplicación da lexislación vixente, xa que co obxecto de quedar ben cos empresarios presionan os grupos para que non esixan o pago das cotizacións, a firma do contrato etc., substituíndo este por un privado que xestiona o axente. Os músicos diante dos axentes teñen que andar con pés de chumbo pois ao menor roce quédanse automaticamente sen esos cuarenta ou cincuenta traballos que lles podería pasar.

Ben é cero, que nos poderíamos preguntar: ¿Porqué non contratan os grupos directamente cos empresarios?— a resposta é sinxela, xa que ademais de ser os axentes os grandes caciques da profesión que nos ocupa, establecen con algunhas empresas, Comisións de Festas, etc., a elaboración dun calendario para cubrir os bailes por toda unha temporada por un prezo global, que o axente encargárase de distribuír o seu libre antoxe co obxecto de contratar o máis barato posíbel, sacando así unha tallada maior da que lle correspondería se fora traballo por traballo.

Pero non podemos esquecer, que a larga, o que se embolsa o axente non é só o porcentaxe do dez por cento pois cando os componentes do grupo fagan a súa declaración de renda terán que tributar tamén pola parte que lle corresponda do total cobrado polo axente. ¿Porqué?— sinxelamente porque os axentes normalmente non expiden recibos das súas xestións polos traballadores pra o Ministerio de Facenda os ingresos percibidos polos traballadores proveñen directamente dos empresarios, sen que aparecan fiscalizados por ningunha parte os non poucos ingresos dos intermediarios, tendo pois que declaralos como propios os traballadores.

MONCHO VARELA SALGADO

EUSKADI "OPERACION OGR0"

Segundo coa ola represiva contra a prensa, que creou un moi perigoso precedente para a liberdade de expresión coa condena por parte da Audiencia Nacional a un ano de prisión menor a Xabier Sánchez Erauskiu, director de "Punto y Hora", por un delito de apoloxía do terrorismo, a semana pasada chamouse a declarar o director de EGIN, ante o xuzgado de instrución número 3 a propósito dun artigo que Herri Batasuna publicou neste diário co título "Existente unha mafia da heroína, sen que se poñan os medios para erradicala".

Noutro orde de cousas hai que sinalar que a crise que padece o PNV e que orixinou a expulsión do mesmo da xunta de Bermeo por parte do Partido Nacionalista de Bizkaia ao ter convocado o sector expulsado unha concentración en Bermeo o domingo día 15 sea que nalgunha medida indicará o peso ou a influencia que poida ter o sector mais nacionalista, o Sabiniarri, como tamén se lle coñece frente ao sector ucedista actualmente no poder.

Tamén convén sinalar que despois da campaña levada a cabo polos Comités antinucleares, que culminou co apagón xeral esta semana, debatíase no parlamento basco a asunto de Lemóniz sen aprobarse a paralización da central pero o feito de realizar un referendo sobre a cuestión. Craro que moitos preguntámonos se se pode cuestionar a integridade física (nosa) por medio dun referendo.

Dentro da campaña que se ven realizando desde algúns meses en favor do euskera na que está tomando parte activa a or-

ganización Euskalherria Euzkarriz (no país basco en basco) o cal organizou as meirandes manifestacións que se produciron en Euskadi nos últimos dous anos chegando a mobilizar unhas 20.000 persoas en Iruñea e outras tantas o mais en Donosti sendo a participación na que se realizou en Gasteiz mais pequena (a metade aproximadamente). Organizou para o sábado día 14 a que corresponde á provincia de Bizkaia en Bilbo ás 7 da tarde; como é sabido a esta organización foi encasillada por algun sector como na órbita de Herri Batasuna sendo que esta organización está aberta para todo aquel que sinta o problema do Euskara e estea disposto a traballar por e a prol da lingua basca.

Anque non sea moi frecuente o feito de que nestas liñas aparezan referencias sobre películas é de destacar o estreno da película "Operación Ogr0" de Pontecorvo "La batalla de Argel", "Queimada" son outras das suas creacións.

Unha película que levantou polémica nas revistas do País

Basco e entre os espectadores e que en realidade pasou con máis para que grória polas pantallas do País Basco pola descarada manipulación que se fixo da historia e pola falla de un análise e das causas que levaron a unha parte do pobo basco e adoptar ese tipo de loita.

Segundo se publicou nalgúns revistas non sería allea a influencia do PC sobre Pontecorvo para dar unha versión moi sui generis do libro "Operación Ogr0" de Jelen Agirre.

Sendo de destacar a aberrante escena da confesión por parte dun membro do comando da súa pertencencia a ETA a un traballador en Madrid chegando a relatarlle o porque da súa presenza en Madrid ou a introdución do elemento relixioso ao longo da película e sobre todo o irreal a todas luces final.

As críticas teñen sido desde Antxon Eceiza de cine que a calificou como "unha merda pinchada nun pau" sinalando que aínda está por facer a película que relate ese momento culminante.

Como outros resultados a súa falta de ética ou no senso o posto as de Mario Onandia declarando que "parece unha boa película" e de que "Pontecorvo tiña o dereito de facer iso e non o fixo".

HAITZKORRETA

REPRESION NA CARCEL DE SORIA

A policía nacional invadiu a carcere de Soria, a cuarta galería, deixando un saldo de 21 presos feridos, oito deles de gravidade, e tres policías asimismo feridos a consecuencia dos rebotes das balas de goma nas paredes que eles mesmos disparaban. Esta actuación calificada de "masacre" tivo a súa orixe cando os "antiterroristas" procederon a rexistrar e cachear as celdas rompendo máis de vinte aparatos de rádio quitándolles as tapas e arrancando os cables. Tamén destruíron guitarras, libros e todo o que atoparon inutilizando incluso varias literas.

Ante este rexistro, dunha violencia sen precedentes e que se realizou en todas as celdas, os presos requiriron a presenza do xefe de Compañía de Reserva da Policía Nacional para mostrarlle os desfeitos: "Noutras ocasións, logo, díxose que fomos nos mesmos os que causamos os desperfeitos. Queríamos que constara que non fora así", relata un preso de Soria, posto en liberdade provisional aos dez días de ter ocorrido este feito que foi o venres día trece, sendo a posta

ban había algúns policías que beraban a outros: "Deixadeos que os ides matar". Nos tiñamos a impresión de que querían acabar con nos ali mesmo. Mentres nos pegaban uns, outros botaban atrás o ferrollo do subfusil e amenazabannos con el. Estamos seguros de que se intentamos defendernos agredíndonos mataríanos a tiros.

Os concellais Ulaier e Kazkin sufriron golpes tremendos quedando un deles de tal maneira que anda co brazo escaiolado.

En canto a Pikabea eleito de Herri Batasuna como xa é sabido resultou cunha boa fendedura na cabeza.

Conven destacar que as versións dos presos coinciden ao afirmar que: "O que máis se ensañou e arengou aos policías a que actuaran como o fixeron, foi o propio xefe que estaba ao seu mando. Este cunha porra na man e un COITELO na outra, tomou parte directa na represión" e continuando como cando un deles levantaba os brazos para protexer a cabeza dos golpes, o xefe propináballo unha coitelada para obrígallo a baixalos.

A pesar da "masacre" e a pesar que algúns dos presos poideran ter lesións internas non lles permitiron o ingreso no hospital. Máis adiante sinalou como antes de que ocorriaran estes feitos algúns funcionarios avisaron aos poucos presos sociais que se atopan en Soria de que "desaparecerán" e non saíran das súas celdas aos poucos minutos os policías interviñeron como xa se coñece. O resto dos presos tiveron que permanecer encerrados nas súas respectivas celdas e galerías xa que se cerraran as portas das mesmas. O non poder entrar no resto das galerías enfureceu aínda máis ao xefe da Policía Nacional que reclamaba aos funcionarios as chaves que lle permitiran a el e aos seus policías entrar nelas.

A violencia empregada polos policías impresionou a algúns dos seus compañeiros e mandos, como o caso dun sarxento que tivo que pegar porrazos contra tres dos seus subordinados, para que estes deixaran de golpear a Pikabea o parlamentario de H.B.

Algúns funcionarios comentaron posteriormente que os presos "se tiñan deixado enganar como novatos, xa que se caíran nunha encerrona montada como provocación".

Destacando o feito de que ao final da masacre apareceron nalgúns das celdas pintadas con palabras: "Gora el Batallón Vasco-Español la única solución. Os mataremos".

Despois de todos estes feitos os presos de Soria cortaron a comunicación co exterior astra que as FOP abandonen o interior da cárcere. E xa para rematar destacar o feito de que seis abogados presentaron os venres día vinte unha denuncia en Donosti contra o ministro de Xusticia e membros da Policía Nacional acusándolos de homicidio frustrado, xenocidio e apoloxía de terrorismo aténdose aos berrós e as pintadas que apareceron despois dos feitos.

HAITZKORRETA



en liberdade do mesmo o domingo día 15.

Segue relatando: "despois de facerse rogar moito, o xefe da policía ouviu as queixas e, segundo o preso, chamado Olabarria, tomounas de risa, mesmo chegando a rirse da situación. Ante isto, os presos romperon tres dos seis cristais da porta: "Fixémolo como símbolo da nosa protesta". Aos poucos segundos numerosos policías nacionais provistos de casco, escudo, porras, fusiles, subfusiles e revolveres abalanzáronse cara a galería, repartindo porrazos aos presos que agarraban. Estes comezaron a fuxir en todas direccións buscando algunha esquina na que refuxiarse.

"Choeromnos todo tipo de golpes; empregábanse para isto as porras, as culatas dos fusiles, as armas agarradas a modo de eixada, as coñecidas como barras de cacheo, unha especie de tubos entre medio metro e metro e vinte de longo. Os policías só deixaban de pegar cando vían moito sangue". Continua contando Olabarria "e mentres nos destroza-

ESPAÑA

ACORDOS EN POLITICA EXTERIOR

X. L. GARCIA LABANDEIRA

A política exterior do Goberno español está despertando nos últimos días un gran interese e está servindo, ao mesmo tempo, de plataforma para o enfrentamento político entre Goberno e oposición, ao que vimos asistindo desde un tempo para aquí. Celébranse, tamén os derradeiros plenos do ano parlamentario nas dúas Cámaras, con lixeros desacordos entre o Goberno e a esquerda española e con todos os grupos, rexeitando duramente os anunciados atentados de ETA-pm nas zonas turísticas.

A VISTA DO "GRAN XEFE"

Os temas de política internacional puxéronse de actualidade polos problemas xurdidos con Francia encol dos refuxiados bascos, dos atrancos que pon para a entrada do Estado español no Mercado Comun Europeo e das agresións sufridas ao norte dos Pirineos polos transportistas españois, amais dos coletazos do xa vello conflito pesqueiro con Marruecos e o Sahara, pero sobor de todo pola visita prevista para estes a Madrid do presidente dos Estados Unidos, polo que xa desde esta semana están cubertas as ruas de Madrid con bandeiras de barras e estrelas, para montar o circo protocolario que se lle vai ofrecer a Carter. A súa visita vai consistir nun xantar cos Reis, unha cea co Presidente Suárez, e nun almorzo con Felipe González, todo isto para celebrar o éxito de "la joven democracia española" e co telón de fondo das declaracións que o Goberno español fixo hai pouco, no senso de pedir de contado o

ingreso na OTAN e co inicio de conversas para renovar o tratado de amizade, "amistade e cooperación hispano-norteamericana", que é o que permite a existencia de bases norteamericanas no territorio do Estado, previsto para finais do vran.

No medio de todo isto, o Comité Federal do PSOE, que se xuntou o pasado fin de semana, firmou unha declaración na que acusa ao Goberno de carecer dunha política internacional determinada e, coas súas arroutadas, querer desviar a opinión pública dos graves problemas da política interior que ten plantexados. Nesta mesma declaración o PSOE rexeita a entrada do Estado español no sistema militar da OTAN, pero pide a renovación do tratado firmado con Estados Unidos (para algo o seu secretario xeral vai ser visitado polo presidente Carter).

PLENOS DO CONGRESO E DO SENADO

Ao mesmo tempo escomen-

zaronse, ao inicio da semana, sendos plenos no Congreso de Diputados e no Senado o que máis interese tiña despertado era o da Cámara alta, xa que mal nel estaba previsto para o luns 23, e retrasouse para o martes, a discusión da Lei Orgánica de financiación das Comunidades autónomas, que xa fora aprobada no Congreso por consenso de UCD-PSOE-PCE, pero que agora presenta problemas debido as negociacións levadas a cabo entre o partido do Goberno e o PNV, para que esta lei non afectara a autonomía basca, a cambio de que os deputados bascos voltaran ocupar os seus postos de Madrid, volta que parece estar asegurada ao ter extendidas as devanditas negociacións ao PSOE e ter chegado a un acordo.

O pleno do Congreso empezou coa votación dunha preposición do PSOE de condena das actuacións de ETA-pm nas zonas da Costa do Sol, que foi aprobada co apoio de todos os grupos parlamentarios e entre outras cousas, pedía unha meirande contundencia ao Goberno. Este pleno pode ser o último antes de que se inicien as votacións parlamentarias, e nel discútese a Lei Básica de emprego, cuxo texto, según saíu da Comisión e traballo do Congreso, co apoio de UCD enfrenbase cunhas cincuenta enmendadas da esquerda parlamentaria e de ser aprobada vai supor un duro recorte ao Seguro de Desemprego e aos dereitos dos parados.

EL SALVADOR: ESBOZO HISTORICO DA SUA REVOLUCION

No ano 1932 iniciábase unha das ditaduras máis cruentas que se tiveron nunca no noso país, con 21.000 Km² e 5.000.000 de habitantes. Por entón, o xeneral Maximiliano Hernández Martínez chega ao poder despois de asesinar a máis de 30.000 labregos. No ano 1944 despois dunha folga xeral, cae o xeneral. Sen embargo isto non viría a supor o fin da ditadura e do dominio yankee, xa que no ano 1961 é derrocado outro militar, o coronel José María Lamos e instálase unha "Junta cívico militar" que meses máis tarde foi derrocada por outra Junta Militar que convocou eleccións presidenciais. Faise co poder o xeneral Fidel Sánchez Hermnandez.



Ao mesmo tempo, o pobo salvadoreño comenzaba as súas loitas reivindicativas, de tal xeito que no 1968 lévase a cabo folgas combativas pola "Asociación Nacional de Educadores Salvadoreños". Doutra banda, o 1 de abril do 1970 nace un dos grupos guerrilleiros que operan en El Salvador, "Fuerzas Populares de Liberación, Farabundo Martí" (F. P. L.); no 1972, crease o "Ejército de Revolucionario del Pueblo" (E.R.P.); 1975, "Fuerzas Armadas de la Resistencia Nacional" (F.A. R. N.); 1977,

"Partido Revolucionario de Trabajadores Centroamericanos" (P.R.T.C.); 1974, "Frente de Acción Popular Unificada" (F.A.P.U.); o 30 de abril, de 1975, despois dunha masacre estudantil, crease o "Bloque Popular Revolucionario" (B.P.R.). Dous anos máis tarde, despois dunhas eleccións presidenciais nacen as "Ligas Populares 28 de Febrero" e por último, no 1978, o "Movimiento de Liberación Popular" (M.L.P.).

Namentras, os militares convocan a eleccións presidenciais no partido oficial, "Partido de Conciliación Nacional" (P.C.N.), quen ao non obter a maioría será o Congreso quen, a espaldas do pobo, ofrecelle a presidencia ao coronel Arturo Armando Martín. Unha vez cumprido o seu período mandatario chega ao poder o tristemente coñecido Carlos Humberto Romero, quen xa no anterior goberno, fora ministro de Defensa.

"JUNTA" DE RECAMBEO

Dado que, a raíz da súa derrota en Nicaragua, o imperialismo yankee non estaba disposto a recibir outra, impón unha "Junta de Gobierno" o 15 de outubro do 1979. Pero como o pobo organizado non cre na "Junta" continúa a loitar polas súas necesidades máis sentidas. Mesmo algúns dos partidos que nun principio foran enganados e que se presentaran para a formación do

Gabinete do Goberno, renuncian masivamente o 31 de decembro dese mesmo ano. A estas alturas, monseñor Óscar Arnulfo Romero y Galdámez xa se identifica co pobo e a través das súas homilias dominicales denuncia a represión gubernamental.

O 11 de xaneiro de 1980 dáse a unificación das organizacións de masa de esquerda e xurde a "Coordinadora Revolucionaria de Masas", composta polo B.P.R., L.P.-28, F.A.P.U. e U.D.N.. Celebrase unha manifestación coa asistencia de medio millón de persoas, onde morron 40 persoas.

Asemade, únense as F.P.L. e o Partido Comunista Salvadoreño, que forman a "Coordinadora Política Militar" (C.P.M.). Pola contra, o imperialismo yankee anuncia a axuda económica á "Junta" en 50 millóns de dólares, dólares destinados á compra de armamento para reprimir aínda máis ao pobo. Convócase un paro xeral e da represión que o Goberno levou a cabo morren 60 perosas. O monseñor Romero é asesiñado o 24 de marzo.

O 30 de marzo de 1980, con delegados da igrexa de todo o

mundo, xunto ao pobo e as organizacións de masas aglutinadas na "Coordinadora" manifestase. A violencia apoderábase de San Salvador e morren 60 persoas de diversos xeitos: afogadas, piso-

teadas. O pobo enteiro berraba: "compañero Oscar Arnulfo Romero, hasta la victoria siempre", porque el calor de la sangre jamás se olvida y los masacrados serán vengados".

ORGANIZACION POPULAR ARREDOR DO "PROGRAMA"

Posteriormente, en apoio unánime ao programa de goberno da "Coordinadora", que desde un principio elaborara, organizanse moitos sectores que astra o de agora estiveran un pouco a velas vir e deste xeito nace o "Frente Democrático Revolucionario" (F.D.R.), como expresión máxima da Revolución salvadoreña, onde están labregos, obreiros, estudantes, empregados públicos e privados, mestres, artistas, médicos, enfermeiras, técnicos e moitos outros sectores que están a loitar por cambear as estruturas caducas do país e liberalo da dominación e dependencia yankee para unha sociedade máis xusta, libre de explotación e miséria. Exa que logo, o prelúdio da vitoria do pobo salvadoreño é este momento e unha vez máis a historia repítese que o pobo unido e combativo xamais poderá ser vencido.

ROBERTO DOMINGUEZ



IMPERIALISMO E CRISE INTERNACIONAL (e II)

Non obstante os programas armamentistas so continuen un dos aspectos do problema. As accións e decisións adoptadas paralelamente conforman a "doctrina" da antidistinción, encuberta con campañas anticomunistas e antisoviéticas promovidas en Occidente coas que se trata de distraer a atención das accións agresivas do imperialismo. Trátase de falsificar a realidade e ocultar á opinión pública as causas reais do crecemento do perigo militar.

Determinados sectores de Occidente, aos que non é alleo o eurocomunismo, queren ver ditas causas non so nas accións do imperialismo, senón tamén na acción militar que a URSS emprende pra axudar ó Afganistán a defender a súa soberanía, olvidando que, como queda dito, o deterioro da situación e o medre do perigo dunha nova guerra comenzaron bastante antes dos sucesos neste país, e que o axudar a un Estado co que se mantén un tratado de amizade e cooperación, a defenderse contra os atentados do imperialismo, non so está recoñecido polo Dereito Internacional, senón que pola súa esencia contribue a defender a paz. Olvidan que os monopolios, en virtude da súa propia natureza, xeran tendencias á dominación e móven ás forzas imperialistas e reaccionarias a instaurar o seu dominio, e cando ven este en perigo non lles importa acrecentar o armamentismo e a agresión a outros Estados e países "pra defender os seus intereses". A experiencia das dúas guerras mundiais pasadas, así nolo demostran. Primeiro foi o desexo dos imperialistas de distintos países de repartirse o mundo, logo a aspiración da Alemaña Hitleriana de dominalo.... Agora parece ser o imperialismo yankee quen desea ter tan peligrosa pretensión. Declaracións de Carter feitas públicas non fai moito — "os EE.UU. son o país mas potente do mundo, nos aspectos militar, político e económico, e se propón seguilo sendo".... " Temos a posibilidade de exercer a función dirixente no mundo" — e a súa actuación no Medio Oriente e no Caribe así parecen evidencialo.

A idea de crear unha base extensa para unha alianza musulmana orientada contra os países socialistas e as esquerdas dos países do Medio e Cercano Oriente, aproveitando o carácter contradictorio do movemento islámico, e a súa heteroxénea composición, era a idea fundamental do imperialismo baseada nunha feroz campaña anticomunista na que se presentaba o ideal político e militar occidental como única defensa e medio para preservar as "tradicións". A esta lóxica aferrouse este a raíz dos sucesos no Afganistán, que aproveitou para crear un bloque de Estados e forzas políticas en apoio da contrarrevolución afgana, e os que por outra parte se tentou distraer, utilizando o caso afgano como pretexto, para que estes deixaran de resistir á expansión israelí e á política claudicadora de Sadat así como pra converter ó Pakistán nunha praza de armas duradeira coa que se podería controlar e ameazar ó Medio Oriente e a Asia Meridional e tentar cambiar o filo da revolución iraní.

Sen embargo polo que parece, o mundo islámico rechaza a idea de converterse no "socio menor" da OTAN, e os EE.UU. teñen que aferrarse aos seus aliados europeos para tentar controlar a situación nesta zona. A situación no Irán, a quen apoian a maioría dos países, incluídos os conservadores, e a incapacidade dos yankees para resolver o problema palestino, pois necesitan do expansionismo sionista israeli como aliado na loita contra o movemento de liberación da zona, problema ao que por outra parte o mundo islámico é moi sensíbel, poñen en evidente contradición os intereses dos países do Medio e Cercano Oriente coa política seguida polo imperialismo na zona. E significativo o feito de que ningún país do área, nen tan xiquera os máis conservadores, excepto Exipto concertaran publicamente ningunha alianza política con este.

A presenza militar do imperialismo yankee no Caribe non é de agora. Non fai moito, utilizando como pretexto a presenza de bases militares, soviéticas en Cuba, os EE. UU. crearon o Estado Maior da unidade operativa do Caribe, que actúa con carácter permanente e que conta con forzas de todas as armas e servícos (espionaxe incluído), e decidiron ampliar as manobras militares na zona e darlle carácter regular. E agora, facendo uso do seu proceder habitual, ao descubrir nesta zona un "punto quente", consciente dos cambios sociais e políticos que se están operando nela debido ao auxo do movemento popular de liberación (Nicaragua, Salvador, Granada...) e utilizando como xustificación as "intigras de Cuba", cando arremete cunha campaña difamatória contra este país baseada no "problema dos refuxiados políticos", reanuda os vóos espías sobre o seu territorio, asigna axudas económicas e militares aos réximes titeres da zona (Salvador) para, segundo declaracións de Carter, "elevar a capacidade destes pobos para oporse aos cambios sociais e ao eventual dominio comunista", e leva a cabo unhas manobras militares, que nun principio preveían o desembarco en Guantánamo, nas que toman parte 42 barcos de guerra, 350 avios e 20.000 efectivos.

Parece evindente pois, só os nécios poderían negalo, quen ten que cargar coa culpabilidade da actual crise internacional, e quen socaba a distensión, a coexistencia pacífica e a paz entre os pobos.

ANXEL RUAS

Anque as competicións oficiais de fútbol remataron xa fai tempo, nestes días estase a falar tanto, ou se cadra máis, de fútbol que en plena tempada.

O COLONIALISMO NO NOSO FUTBOL



Por unha banda está o mercado, a feira de futbolistas, que se produce todo o ano, ao chegan o vran e levántase a veda, tomando proporcións desmesuradas que deixan ben craro o que está sendo o deporte e o fútbol en particular: un comercio.

E nel están insertos, como non, todos os clubs, desde os de categoría local, aos de máis alta categoría, que por desgracia non fai falla levantar moito a vista para ollalos.

Vendo, compro, cambio, fagome dependente dun club forte, o Celta do Barcelona. A realidade do país non conta para nada: o noso fútbol tamen está colonizado.

O outro polo de atención centrase na eurocopa de nacións que a selección estatal deu medalla a cabeza para logo, entre a mala xestión, a mala fada e o mal logo quedou no posto que lle corresponde pola súa marcha catstrofica.

Pero desta final podemos sacar unha crara conclusión para o mundial que se vai celebrar aquí: non vai ser rentabel.

O público acude aos estádios só cando xoga o seu equipo, non xiquera busca espectáculo, senón pasión. Hai que reconectar se os máis de cincocentos millóns que se van invertir en estas na nación galega van revertir en algo no noso pobo. Coidamos que ben pouco, por non desafiada, vista a política que está a seguir os directivos do deporte estatal aquí viran partidos de interese ningún, que ademais van arrastrar a ningunha xente. Polo que non estaría demais considerar a postura de que Coruña como Vigo fosen cidades, ou polo menos unha.

CELTA TRABALLA PARA O BARCELONA

Despois dun final de tempada chea de disgustos e a consecución de declaracións por parte dos directivos de que a cousa ía cambiar, que tiñan que cambiar "partiremos dunha base sólida", empezaron os despidos as compras, as vendas e as chamadas restructuracións, empezou a vida do fútbol.

E nesta feira os equipos galegos, sobor de todo o Deportivo e o Celta empezaron a liquidar todo o que servía ou era útil para outros equipos. Así o Celta vendeu a Mori e non se descartan outras transaccións mais, como por exemplo a de Fenoy, que

quere recobrar a carta de liberdade despois dun ano inactivo.

Os directivos vigüeses pídenlle agora catro millóns de pesetas, moito para o que ofrece o porteiro e pouco para o que valía fai unha tempada en que a súa cotización subía dos vinte millóns. Os directivos do Celta estiveron tirando pedras contra do seu tellado, perdendo unha chea de cartos que están moi necesitados. Pensamos que os socios deberíanelles esixir responsabilidades xa que lles malgastaron os seus cartos.

E tamen de reseñar a laboureira que está a cumprir a actual directiva celeste levando ao club a ser unha mera sucursal do Barcelona, ao que xa dixemos, lle vendeu o mellor xugador e a cambio vaille ceder catro, que non se saben se valen ou non, pero se chegasen a saír hoxe o caso é que son do Barcelona.

Isto é o traballar cara o futuro, o tentar facer un equipo para logo consolidarse na segunda división ou intentar subir a primeira que sería a súa meta e a de todos os galegos. Pero non, meten ao equipo no máis despiadado sucursalismo, co que o futuro, a consolidación non deixa de ser unha triste utopía para este club por culpa dunha directiva ineficaz. Traballar para outros e o que está facendo Galicia é o Celta en particular.

O DEPORTIVO E UNHA INCOGNITA

O presidente do Deportivo

decía nunhas declaracións que ían facer un equipo totalmente galego, veremos se se fan realidade estas afirmacións. Polo momento déronlle a baixa a algúns dos titulares indiscutíbeis da pasada tempada tal é o caso de Píris, Gallego, Pousada. O caso deste último choca un pouco xa que aínda é un xugador novo e sen dubida o de máis clase que existía en calquera equipo galego. Veremos agora as novas adquisicións, caís van ser ou como se se patentizan. O camiño mostránono medianamente ben, veremos agora como se patentiza a andada.

O traspaso de Buyo, tiñano que facer, por ben do xogador e da máltrata económica do club, pero as outras baixas, as baixas de moitos xogadores punteiros pódense notar no rendemento se as incorporacións e a laboureira de Martínez, o novo entrenador non logra forxar un equipo con futuro.

FUTURO DO MUNDIAL

Moita da xente galega, aficio-

nada ou non ao fútbol seguiu, días atrás pola televisión pola prensa a marcha da fase final da Copa de Europa de Nacións. A marcha da selección Española e a outra do campeonato mantíña a atención de boa parte da poboación que puido apreciar se quixo como os estadios estaban completamente vacíos en todos os partidos que non participaba a selección italiana, anfitrióna do campeonato.

Esta visión puido facer recapacitar, se quixo, a moitos dos dirixentes deportivos e políticos na Nación Galega en vistas ao próximo mundial.

Os máis de cincocentos millóns que se teñen que invertir entre Vigo e a Coruña non van repercutir por ningún lado no noso pobo. A situación económica da xente é anguriada e non se pode permitir o luxo de asistir a tres partidos nunha semana. Se a isto unimos o escaso interese que poden ter boa parte dos partidos, poñamos por caso que lle toquen xogar a un Japon-Australia.

Por outra banda están a pou-

ca xente que poden arrastrar moitas destas nacións tras de si, entre seguidores e inchas; moitas delas non chegarán a cincuenta contando xogadores, directivos e prensa, amais dos seguidores. Contando tamén coa política que están a seguir os nosos dirixentes non podemos pensar en que nos manden un grupo dos chamados fortes, que serían os unicamente rentábeis.

Temos que engadir a isto a situación económica de ambos axuntamentos. Non podería renunciar a ser sede algunha das dúas capitais en beneficio da outra, por non dicir as dúas?

Cos cartos que ían aforrar en arranxar os estadios poderíanse encher os barrios de instalacións deportivas primarias. Perderíamos moitos un espectáculo, que se cadra non se vai a dar e ganaría o deporte, o verdadeiro deporte que ten ben pouco que ver con mundiais e seleccións futbolísticas.

Os políticos teñan na súa man recapacitar.

PUCHEIRO

DEZ MIL SUSCRIPTORES PARA UNHA PRENSA GALEGA

Cada mes desde o primeiro de xuño ao primeiro de novembro.

SORTEO de unha colección encuadernada de A NOSA TERRA entre:

- Os nosos suscriptores que fagan un novo suscriptor (FAGA SUSCRIPTOR A UN AMIGO)
- Entre todos os novos suscriptores.

Para o que xa é suscriptor Desexo suscribirme a "A NOSA TERRA" por 1 ano 2.000 ptas.
6 meses 1.000 ptas.

Nome.....

Adxunto Talón bancario a nome de "A NOSA TERRA"

Xiro postal núm.

Nome.....

Enderezo.....

Localidade..... Telf.....

Firma:

En..... a..... de..... de 1.98.....

N.D.R.:
Para participar no concurso envíenos este boletín.
No primeiro periódico de cada mes publicaránse os nomes dos suscriptores afortunados.

Riño

foto-cine



Santo Domingo, 9
Tfnos.: 225461-224458

LUGO

ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

Ilustración: XULIO MASIDE


A modo de síntese (para folgos tomar)

Os que nos teñen seguido astra aquí teranse decatado cando menos da amplitude da "Tese Epidemiolóxica", pero coído que tamén dos seus presupostos científicos e socio-políticos de fronte de loita "...que se abre nesta difícil etapa de loita que supón o proceso de integración e identificación Nacional do Pobo Galego" (núm. 95-1980).

Para os 'críticos' non hai inconveniente por a nosa banda en proclamar e asumir a "pseudoneutralidade" da actividade científica da Tese Epidemiolóxica, se realmente foi esta a conclusión definitiva que teñen tirado. Nos pensamos con Lenin que a ciencia é un médio máis de servir ao pobo, de desde logo en poucas ramas da ciencia, a definición resulta tan verdadeira como na epidemioloxía, comprendida dentro da dinámica social, asemade do pobo.

Evidentemente a ciencia esta sempre e finalmente servindo a alguen, tamén e prioritariamente o capitalismo e colonialismo, sería inxenuo pensar o contrario. Se hai planteamentos éticos na praxe científica capitalista, o que ocorre a miúdo, cabe preguntarse ¿cal e nese intre a ética da super-estrutura?, entón a relación de que falamos faise descaradamente evidente. Mais aínda, o chamado poder da ciencia, non é un poder illado independente, non cabe maxinar, a pouco que se olle, un poder da ciencia sen estar vencellado ou comprometido co "poder".

Quedou establecido tamén, o vencellamento inexorable e absoluto da saúde (núm. 94-1980) o contexto socio-económico cultural e político, asemade a estrutura dialéctica dos presupostos epidemiolóxicos. Tamén as relacións de dependencia estrutural e de constitución epidemiolóxica como actividade científica, en base a epistemoloxía materialista,



anunciándose a Tese Epidemiolóxica como tese altusseriana... (num. 94-1980).

Na presentación que viñemos a facer da problemática da saúde da Nación e Pobo Galegos, fomos desveando unha realidade, moitas veces, abraiante (núms. 96 e seguintes 1980); unha realidade, tamén estadística, que hai que cambiar. Como función recoñecida da praxe epidemiolóxica, fixemos unha avaliación do que hai e do seu funcionamento. Tamén por esta vía chegamos a mesma conclusión, cámbese transformación, construción de un sistema novo para a nosa Nación.

A crítica social de onde queira que veña, mesmo interna, non ten, por si mesma, capacidade para modificar un "establimento" nen por suposto un sistema sanitario. Por outra banda este non pode cambiar illadamente, precisánselle actuacións máis profundas. No noso caso dándose conxuntamente as contradicións do sistema capitalista e colonialista que os seus axentes autoctonos fan un papel de identificación, cando non forman xa parte do mesmo aparello. Compre decir, parafraseando a Althusser, que as cousas máis esenciais non se resolven nas cabezas dos intelectuais, senón na loita de clases e nos seus resultados. Evidentemente non se achán outras alternativas válidas para a nosa Nación.

En base a estes feitos e asumindo a Illich, velai temos a Némesis (diosa da vinganza) epidemiolóxica, soportando o peso que esta abraiante realidade ten significado e significado no destino histórico do noso pobo.

Tratados astra aquí os aspectos máis convencionais da nosa epidemioloxía a nosa tese remesanos agora a outros ámbitos que tencionamos tratar de xeito monográfico, finalmente coidamos que tamén nos seus límites reais resolúvos.

En base a este compromiso inicial, a Tese Epidemiolóxica como fronte de loita nacional continua.

da terra asoballada

PASOULLE A PILI SEREN, PODE PASARLLE A CALQUEIRA

O día 11 de xuño, cando saía de Telefónos con dous amigos, inspectores de policía arrestáronme; despois, trasladáronme sen explicación ningunha ás dependencias policiais da Coruña, onde se me comunica que, cumprindo ordes da "Audiencia Nacional", me aplican a Lei Antiterrorista. As razóns aducidas eran as que fornecía o Servizo de Información, que, segundo me comunican, están relacionadas co xuício do meu compañeiro, a celebrar o vindeiro 4 de xullo na Coruña, e que na miña posesión tiña, entre outros materiais, un morteiro! Que de constancia de que a Policía rexistrou o piso no que eu estaba en Santiago e máis o domicilio familiar na Coruña, sen atopar armamento de ningún tipo.

Este arresto, baseado en que eu tiña "armamento militar", lembra ben os casos de "información fabricada", vg. o caso Scala, o recén xulgado caso Bultó, ou o caso Cebrián...

Parece increíble que con tan peregrinas e vagas acusacións se poida arrestar a unha persoa, mantela incomunicada e falta de garantías constitucionais, causándolle toda clase de perxurios privados e públicos, e ao final, cando me ceiban, isen siquera pasar a Disposición xudicial!, non teño dereito nen a reclamar nen solicitar explicación ou rectificación ningunha.

¿Para qué existe unha Constitución garante dos dereitos individuais, cando na práctica, como neste caso, o Decreto-Lei Antiterrorista anula todas esas garantías e pódese aplicar indiscriminadamente? ¿Qué tipo de democracia hai neste país no que non se poden pedir explicacións ou responsabilidades polas actuacións policiais?

O máis deprimente é a actitude de certa prensa como "La Voz de Galicia", que, sen mínima base, relaciónou o meu caso co secuestro de Franqueira, afirmando un desprécio absoluto non sómente aos seus lectores, aos que lles forneceu unha información falsa, senón cara a miña persoa,

que estes infundios perxudican gravemente. Unha prensa como "La Voz", que prefere a noticia sensacionalista e demagógica, utilizando unha militancia política do pasado e aproveitando indignamente calquera feito para desprestixiar á esquerda extraparlamentaria, en troques de dare unha información obxectiva, que é a misión da prensa, misión pola que moitos profesionais están sometidos a proceso xudicial, e nalguns casos fora do país.

Indigna que se poda mentar a unha persoa relaciónándoa en sucesos como o secuestro de Franqueira sen a menor base, como non seña a má fe e falla de honestidade dalgún periodista. Nova que se dá en termos dabondo vagos ("se nos comunica...", "se supón...",) como para impedir unha querrela por difamación, pero non para evitar que o lector quede convencido da veracidade da información.

Sen termos agora ningunha acusación policial, resulta que me atopo con acusacións verquidas por "La Voz" contra das que non me podo defender, agás por médio da publicación desta carta, publicación pola que quedaría moi agradecida.

M. Pilar Serén Villar
SANTIAGO

A POUCO, ALCALDE E UCD QUEDAN SOS

O día 16 decorría un Pleno revolto no axuntamento de Carballo. Sometíase a discusión as condicións impostas pola Comisión Provincial de Urbanismo ás Normas Subsidiarias e Complementarias do Planeamento Urbanístico da vila, e por aí empezou todo. O voceiro da Agrupación Democrática Popular presentaba unha alegación tocante á Rúa de Cervantes, rúa moi céntrica e non considerada edificábel nas condicións, na que, precisamente, existe un cine ao que os seus donos lle queren fa-

cer edificio novo. Non entendendo a ADP en qué criterios urbanísticos se podía basear esta limitación, maiormente non sendo Carballo ningún arquetipo de bon coidado neste senso. Tamén pouco o debía entender moi ben a UCD, que na defensa das novas Normas non aportou moito máis que intolerancia.

A MOCION DO BN-PG

Tamén tiña prevista unha intervención o Bloque, e nela aproveitou para pedir que o estado das modificacións das Normas quedara sobre da mesa, e se convocara un Pleno Extraordinario tocante ao tema. A coalición nacionalista pensaba ler unha moción, na que se facía alusión sistemática do BN-PG (que con tres concellais, é a única formación sen presenza das Comisións Informativas), e o incumprimento de acordos como o da celebración dun Pleno a mes. Dixemos pensaba, porque o alcalde non permitiu a lectura da moción.

E aquí empezou o desfile. Diante da prohibición do alcalde de facer unha explicación de voto, o portavoz da ADP, Doldán, marchou do Pleno, seguido do seu compañeiro na Corporación. E, diante da imposibilidade de ler a súa moción, o Bloque marchou tamén polo seu lado. De momento, aí quedou a cousas.

CORRESPONSAL

da arte e dos xeitos

O CULTO AO SOL NA ARTE GALEGA

Común en caseque tódos os pobos antigos e primitivos foi o culto ao sol. Aínda hoxe quedan vivas moitas tradicións e símbolos que non son alleos a cerimonia e cultos relacionados co astro rei e máis coa lua.

En Galicia atopamos esta lembranza, survival, pervivencia do panteísmo, do animismo solar, en moitas das nosas tradicións. Non teremos máis que darlle un repaso aos ritos da Noite do San Xoan para decatarnos de tal significado e da ledicia festexeira que produce a entrada no vrau. O sol sera o astro que predice o bó tempo, que agoira boas colleitas e que lle dá outro calor aos eidos e aos bosques, enséñanos pois de vida e de fartura. Se non abonda coa tradición para descubrir o culto ao sol, podemos recurrir a moitas enséñas e símbolos que xa se representa-

ban na Galicia prehistórica. Rosaceas, trisqueles, espirales... o sol figúrase sempre cunha forma dinámica, mentras que a lua terá a figura estática, unha circunferencia ou un cuarto menguante, entre outras. Tais representacións astrais están na orfebrería castrexa, nas estrelas funerarias galaicorománs e en moitos outros elementos da arte popular galega que se siguen facendo nos nosos días. Mais o vello significado solar, trocouse simplemente en alusións decorativas.

Pero esta vivencia do culto ao sol ven de máis atrás, seguro que dos tempos do Neolítico, non esquezamos a orientación astral Este-Oeste, Alborada-Solpor, que teñen moitos dos nosos moimentos Megalíticos, esta orientación ritual siguena moitas cirexas do Románico e tal tradición síguese hoxe.

O culto ao sol ten relación coa fecundidade e co culto funerario, coa morte. A dialéctica vida-morte estará presente nesta



litúrgica primitiva. Todas as velhas culturas admiraron e renderonlle culto ao sol. Non é para menos. O sol tiña o seu nacer e morrer para os antigos.

Polo San Xoan se conserva a creencia de que o sol baila cedo, pola mañánciña, e que si se deixa o serau a crara de hovo que nela fanse figuras ao traveso das que se pode agoirar o futuro. Tamén quedarán ao serau da noite nunha palangana o fiuncho, xeranos, seane... todo asulgado en auga para logo lavar a cara.

Ven ser algo así como purificarse con froes receber un tempo novo de sol. Todo quedara a purificarse a noite de San Xoan: abrense fiestras e xanelas, a roupa, os cobertores, abrense as arcas, as cortes, os cabaceiros para recoller o orballo dunha noite considerada meiga e milagreira. Namentras os mozos fan as fogueiras por enriba das que brincan os enamorados desexándose un bón futuro, e os vellos recollen nela a cinza nova para levala para as lareiras e trocala polas

Por FELIPE SÁENZ

vellas cinzas, así farán o lume novo. Todo é festa polo San Xoan nas aldeas de Galicia, as ciras, os montes arden en fogueiras, as limieiras das portas e das fiestras adornáanse con xestas, fiuncho e seane frolecido e todo se anova neste día no que ad millor o sol acochase entre nubes.

O San Xoan é a festa das boas vindas ao vrau, o mesmo que a Candelaria e o Antroido é o recibimento da primeira, queimando tamén a "sardiña" que sera un monifate que representa ao inverno, ou como os Magostos tan celebrados en Ourense no día de San Martiño, asando castañas, bebendo viño novo... esa fogueira e ese fume é xa a despedida do sol, a entrada no inverno. Todo isto é unha fonte babil pra inspirarse e facer arte.

Se a chuvia rega a paisaxe, o sol dalle vida, compre, pois homenaxear ao sol e ao vrau, estamos no seu tempo, nos días de facelo.

andando a terra

UN NOVO POETA

CLAUDIO RODRIGUEZ FER

Hai anos que conozo e trato a Claudio Rodríguez Fer e a súa compañeira Carme. Os dous son lugueses de nación, ledos, serios, cultos, requintados, elegantes, graciosos, simpáticos, tolerantes e comprensivos. Ambos a dous se licenciaron en Letras na Universidade de Compostela. O Claudio comezou facendo crítica literaria — moi ben por certo — en "El Progreso" de Lugo e Carme pintaba. Durante algún tempo — e en épocas difíciles — temos coincidido en loitas e reivindicacións nacional-populares galegas. Despois perdimos de vista. Teño preguntado por eles varias veces a algúns amigos comúns e ninguén me soupo dar razón. Gardaba — e gardo — unha fonda simpatía por esta parella tan ben feita, tan delicada e xentil, tan encantadora. Neste mundo en crisis, no que se está perdendo a cortésia, que costou séculos conquistar, atopar unha parella como a Carme e o Claudio é caseque un milagre. E,

dende logo, un don e unha regalía prós que somos seus amigos.

Polas Letras Galegas, nunha librería santiaguesa, ollei, sorprendido e gustoso, un libro de poemas firmado por Claudio Rodríguez Fer: "POEMAS DE AMOR SEN MORTE", moi ben impreso. O que me chamou poderosamente a atención é que se editara en Granada e que leve a data de 1979. A edición é unha preciosidade, pese a que se lle escapou algunha errata.

Logo da publicación do libro tiveron noticias directas do Claudio. Soupen que, na actualidade, é Profesor Agregado de Lingoa e Literatura no Instituto Xelmírez, de Santiago de Compostela. Alegraime de verdade. Sempre maxinei a unha parella como a Carme e o Claudio vivindo nunha cidade como é Santiago de Compostela. Non podía ou non debía ser doutro xeito. As veces a vida xoga pasadas ruís. Mais non neste caso.

No mar revolto, confuso e oportunista, no que naufraga e se afoga parte da poesía galega máis moza, hai unhas cantas voces auténticas, galegas, fondas e

estremecedoras, non colonizadas. Son as de Millán Picouto, Víctor Vaqueiro, Xavier Seoane e Claudio Rodríguez Fer. Refírome, craro está, ós poetas máis novos. Catro voces, que si non se malvan, abundan pra crarificar o estrano, esótico, alleante e colonizado panorama que estamos a vivir; supoño que non por moito tempo.

Non quero, nin sei, facer un análise estrutural e técnico dos poemas do Claudio, cuio tiduo me trai a lembranza a Rilke. Non importa. O libro é esencialmente galego, que é o noso xeito auténtico e verdadeiro de ser e estar no mundo. Non temos outro, a non ser que nos traicionemos a nós mesmos. O que vou a intentar é dar unhas impresións persoais, urxentes e apresuradas dos POEMAS DE AMOR SEN MORTE.

O volume ábrese cun "Limiar" do propio poeta, no que explica a súa poética e a súa posición cara á Poesía. Logo veñen os catorce poemas — algun bastante longo — que compoñen o libro. En primeiro lugar hai que louvar e agradecer o excelente e

cuidado idioma no que están escritos. A palabra é a única ferramenta expresiva que pode utilizar o poeta e, polo tanto, elemento esencial na Poesía. En segundo lugar chama a atención o perfectamente que están construídos os poemas e os versos. Este "oficio" é unha das pedras de troque, esenciais, da Poesía. En terceiro lugar compre salienta que este libro está, en boa parte e medida, na tradición poética galega medioeval, perfectamente asimilada, remozada, vivificada. Non se trata dunha recreación culta e erudita ou un xogo estético. Trátase de ir ás fontes, recoller as esenciais e facer arte e crear beleza con sensibilidade galega e universal. O resto do libro é música misteriosa, tremor humano, paisaxe exterior e interior, nunha palabra: Poesía.

Compre destacar, asimismo, neste libro de Claudio Rodríguez Fer, a súa craridade e, ó mesmo tempo, o seu segredo misterioso. Eiquí as palabras cantan e encantan, dicen e suxiren, espresan un mundo concreto e tanxible e, á vez, un mundo inconcreto e inapreixable. Todo o libro é un

canto purísimo e estremecido ó amor carnal, que é o único que hai, e unha exaltación dos sentidos e da vida. Tamén atopamos unha fonda melancolía e un certo desencanto. E un clima poético, que se mantén ó longo e ó fondo do volume, no que vive e alenta, con forza poderosa, unha paixón por todo canto existe, que os clásicos chamaban panteísmo.

Penso que na nosa tribu apareceu un poeta auténtico. Compre aledarse e celebralo como é debido. E cousa que non acontece con frecuencia.

Maximo á Carme e ó Claudio viaxando de Santiago a Lugo, como o facía no século XIII o namorado troveiro Fernando Esquíu, estrenando corazón, ilusións e as palabras sempre virxes e non gastadas da verdadeira Poesía. Cando pasen pola roita do vello Camiño Francés, xa baixando o Ferradal, as donas do Vilar erguerán os seus finos e delicados rostros e sorriranlles. Saudarán á xentil parella cos versos que, pra elas, escribiu un día Alvaro Cunqueiro:

Ese vento de seda é o tempo que pasa.

Por CHAIRA

arredor de nós

SAN XOAN: DAS HERBAS E FROLES

A atención que se lles ten prestado — e se lles presta — ás árbores e máis as plantas inferiores, é considerábel por diversos aspectos.

Unhas veces as propiedades curativas duns e outros, outras poderes míticos en xeral, etc., fai que se repare nelas, chegando moitas veces a tributarlles certos cultos.

Coincidindo co solsticio de vran, celébrase a noite de San Xoán na que as herbas e froles cumpren un importante papel, medrando as virtudes que tiñan

xa de sempre, e mesmo aparecendo outras novas.

Así, baixo o nome de herbas de San Xoán, empregadas con fines curativos, profiláticos ou máxicos, están o fiuncho, estralote ou sanxoán, codeso ou piorno, ponlas de nogueira, de ameireiro e de cerdeira, sabugueiro, follas de carballo, romeu, etc.

A estas plantas, atribúselles as mesmas propiedades do orballo desta noite; ademais que as propiedades máxicas e curativas son de carácter máis amplo, pois se manteñen pasado un tempo da noite.

O emprego que se lles dá é moi variado. Mesmo se botan



herbas recedentes nunha cunca con auga, deixándose ao orballo da noite, servindo a auga para a cura de enfermidades da vista, mal de amores, fines profilác-

uticos en xeral, etc., ou tamén gárdanse por un tempo para se precaber das treboadas e saravias.

A curación do mal do aire, o enganado dos meniños... son outras propiedades.

Colócanse tamén ramallos pro fora das casas ou hórreos; o trevisco por exemplo. Espérase entre as pedras das paredes e disque así axuda para que as meigas marchen para Sevilla, e seica o estralote tamén escorrentan as meigas e as desgraicias, se se pón á porta da casa polo San Xoán.

Co mesmo fin que o trevisco, contra dos trasgos e meigas,

póñense tamén ramallos de saúco, herba da Nosa Señora, loureiro, romeu, amenta... incidíndose así outra vez na importancia que ten aproveitar a noite para rexeitar estes "personaxes" que poden dañar ás persoas que estean desprevenidas.

Nas rondas que fan os mozos nesta noite, deixan nas portas e fiestras das casas das mozas que pretenden, ramos de cerdeira ou froles do tempo, mentres cantan unhas coplas.

Vemos deste xeito como son moitas as plantas das que se fai uso nesta noite, estando algunhas delas dotadas dunha meitando especificidade que outras.

FOTOGRAFIA

AS FOTOS DE BELLAS

"Non me gusta ter que saír cun peto reflectante para poder facer o meu traballo, nen cun brazaletes; non me gusta que a policía non me deixe facer o meu traballo, e iste é o problema que temos hoxe, nesta democracia, os que tiramos fotos". As fotos de Bellas están á vista nunha sala de Santiago, están á vista e é agradable comprobar que máis da metade das fotos publicadas estiveron, no momento preciso, nas páxinas de A NOSA TERRA e é que nós creemos, como Bellas, que a foto non é un elemento secundario da información....

As imaxes feitas dentro dun reportaxe de prensa cambian de contexto ao individualizarse nunha galería, transformanse en qué sentido?

Antes de nada, eu fago a exposición porque me gusta ensinar as miñas fotos a un tamaño distinto ao que sar normalmente en prensa e con outra calidade; e gústame facer ver foto de prensa porque as exposicións enchíanse de "fotos artísticas" — como din eles — mentres que a nosa, influida por unha serie de elementos desde o mal tempo ao conflito ou o risco físico, é tamén arte e ademais informa.

¿Que lectura teñen as tuas fotos?

Teñen unha lectura fácil, directa; por exemplo, cando eu fotografio a un marxinal — que son moi importantes no meu traballo — busco sacarlle os ollos cara ún.



Falamos, pois da temática

Na miña exposición pesa sobre todo, a foto de xente marxinal. Outro apartado é o de problemática obreira e despois o tema político. Pero o que me chama a atención antes que nada, non sei por qué será, son os entendo a foto como un "hobby" — ademais de como unha profesión — pois como hobby gústame fotografiar aspectos das xentes marxinais na sociedade; é a fotografía que me tira.

Cando diferencias entre temas obreiros, populares e temas políticos e poisque os temas populares e obreiros son políticos en que sentido o dis?



No sentido dos persoeiros, todos en actitudes agresivas como esa do Conselleiro de Pesca falando co presidente dunha Cofradía e tal parece que o primeiro está encaramado e a pensar "eiquí estou"; por eso tento ridiculizar, ao través das fotos, á xente que está dominando ao país nese momento...

Amáis da xente que o está dominando é de que maneira está presente o país no teu traballo?

O meu país esta presente na miña obra, desde os obreiros astra os mariñeiros pasado pola xente do agro, xente traballadora fundamentalmente aínda que teño preferéncia grande por nenos e vellos... case se me podería catalogar como fotógrafo da terceira idade....

¿Que opinas dos fotógrafos clásicos galegos, (Pepe Suárez, Ksado, Ferrol.....) o puido ou non puido haber unha escola galega da imaxe?

Respecto dos fotógrafos clásicos galegos, é unha pena que exista un descoñecemento tan grande sobre da súa obra, pois tanto Ksado como Suárez, que lles coñezo parte da obra, ou outros no anonimato, deixaron plasmada a realidade do seu momento, fotos que todos quixeríamos facer aínda que, craro, non nacerramos. As fotos de Pepe Suárez referidas ao paisanaxe son increíbeis, magoa, repito, que somente as coñezan uns cantos. Todos eles poide-ran crear unha escola galega, pero como aínda non se lle deu á fotografía toda a importancia que ten, creo que tardarán en influir aos máis mozos.

Medio free-lance, medio asalariado, autodidacta no fundamental como a gran maioría dos que hoxe son profesionais da foto, acusa a diferenza de que unha mesma foto valga nun medio de Madrid 1.400 pesetas blanco e negro, 3.000 si é diapositiva en color pero que o nivel galego non somentes os precios sexan sensibelmente máis baixos — 300, 500 — e que non esten bomologados senón que se desvalorice en minutos casos a función informativa da foto.

M. LEDO

MUSICA

NOTAS SOBRE GAOS E ADALID; E OUTRAS NOTAS

No número 107 deste semanario publicou o señor Xoán Manoel Carreira unha crítica do disco "Galecia", editado por "Ruada" e que inclue obras galegas para piano de Andrés Gaos e Roxelio Groba interpretadas pola profesora Natalia Lamas e comentadas por min na carpeta. A esa crítica quero agora poñerlle algunhas observacións:

Non se pode afirmar, sen máis, que señen escasas as obras nacionalistas de Gaos; el consagrou á súa Terra a sinfonia "Nas montañas de Galicia" e as "suites" para piano "Aires Galegos" e "Novos Aires Galegos", obras fundamentais do seu repertorio. Tamén a "Muiñeira" da "suite" "Hispanicas", para piano; a "Muiñeira" para violín e piano; e a cantiga "Rosa de Abril", para voz e piano. E hai forte presenza galega, ou ben importantes riscos melódicos e rítmicos galegos, nunhas nove pezas máis. Esta serie valórase debidamente considerando que Gaos viveu, dando moi novo, fora de Galicia. Ademais, haberemos ter en conta, denantes que a cantidade, a calidade. E tamén a intención: co gallo dun premio otorgado á Sinfonía, polo Centro Galego de Buenos Aires, o propio Gaos dixó: "Me alegró el haber cumplido con mi Tierra, no tan lejana, porque está presente en mi emoción creadora".

Tampouco pode decirse que Gaos, nos "Novos Aires Galegos", utiliza o folclore "como simple disculpa ao servizo dun sistema musical alleo á música popular". Que o sistema diatónico seña alleo — así, totalmente — á música popular é unha aseveración radical que deberíase matizar moito. Pero afirmar que, nesta obra, a temática tracional se use como disculpa posta ao servizo dese sistema, é unha falta grave á verdade que pretende, arteiramente, facer de menos a Gaos e invalidar, con falsía, a súa postura de compositor nacionalista, craramente asumida nas obras e na frase enriba indicadas. O feito é xustamente ao contrario: todo o artellamento construtivo, toda a armonización, están nesta obra — como nas outras — por enteiro dispostos, con amor, para un máis digno realce dos motivos tradicionais. Cousa que, sen perxuicios apriorísticos, podese apreciar nestas creacións; e nas de case todos os compositores románticos e neorrománticos.

Encol de "Rosa de Abril" dí o señor XMC que é para piano soio, e que non pode ser cantada co texto homónimo de Rosalía porque non coinciden os acentos poéticos cos musicais. Sí, a disposición de partitura permite a interpretación a piano soio. Pero é clara a intención de Gaos de que fose cantada co texto do segundo poema de "Cantares Gallegos" de Rosalía, porque este foi o poema no que se inspi-

rou, e porque os acentos poéticos e os musicais sí coinciden en todos os versos, agás en tres que foron expresamente modificados polo músico, quen tamén prescindiu da quinta estrofa do poema. Gaos mesmo desexaba que a peza se cantase. Fundo todo isto na información verbal e documental que me deu o fillo do compositor, Andrés Gaos Guillochón. Teño, pois, por musicalmente lícitas as tres versións posibles da obra: a de voz de piano, co texto de Rosalía /Gaos — dobrando a voz a melodía —, a de piano só — como esa de Natalia Lamas —, e a de piano e recitado — tal como a dimos ao público coruñés hai algun tempo a soprano Esperanza Abad e mais eu.

Cando, na carpeta do disco de "Ruada" afirmo que Gaos foi o primeiro músico galego que se achegou ao sinfonismo e que levou a temática galega á orquesta na sinfonia "Nas montañas de Galicia", certamente quero decir que foi o primeiro músico noso que abordou a música orquestal sinfónica con intención e transcendencia verdadeiramente nacionalista. Estoume a referir entón, en particular, ao xénero "sinfonía"; e non a outro tipo de música orquestal — non son aducibeis, por eso, Melchor López nen Adalid —. No eido da música galega para orquesta — amplio en xeral, agora, o comentario — haberá datos novos a medida que avante a necesaria investigación. Eu, por exemplo, podó aducir a existencia de "Luz", "Balada para orquesta sobre un canto popular galego", do emadrileño? José Estarrona, peza premiada no Certame Musical do "Liceo Brigantino" da Coruña no ano 1887. E tamén outra referencia, con autor importante: a "Suite de Cantos Gallegos", en catro tempos, de Enrique Granados, estrenada en Barcelona no 1899.

Noutro párrafo refire o señor XMC que o pianista Antonio Ruiz-Pipó — vello "fan" de Adalid, dí — grabou en disco, para EMI, con grande éxito, varias composicións do músico coruñés. Pero non engade que Ruiz-Pipó, tanto nesa grabación como na edición das mesmas obras que fixo para a Unión Musical Española, é infidel e dúas, polo menos, das partituras adalidiás — as "Romanzas sin verbas" —; comparando esas versións coa edición parisina, vése que foron alteradas sustancialmente as dúas pezas, alongando ou reduciendo os períodos, suprimidos ou cambendo algúns deseños melódicos, poñendo outros en rexistros diferentes, etc. Un abuso totalmente rexeitabel, anque leve a advertencia "Rev. y adapt. de A. Ruiz-Pipó", pois tanto Adalid como o seu público, por respecto, teñen absoluto dereito a que esas obras se coñezan e señan xulgadas tal como son, sen "arranxos redentores" de ningunha clase.

Asómbrase o señor XMC de que eu considere como grandes do piano galego "ao folclorista

burgalés Antonio José — pola súa ocasional "Sonata Gallega" — e ao mediocre compositor basco Rodrigo A. de Santiago — polos soporíferos "Rincones Coruñeses". Ben, pois Antonio José é o grande músico castelán, autor de moi importantes obras, que podería ter chegado a ser — dixo Maurice Ravel — o grande músico español do noso século, d e non morrer fusilado polos franquistas no 36; e a nosa, e por eso hai que contar con ela e agradecerlle ao autor. En Canto ao mestre De Santiago, si-go pensando — e coido que moitos pensan igual — que é un compositor excelente, cunha inspirada "Misa Requiem" e unhas cen contrastadas "Catro Páxinas Galegas" para orquesta, entre outras obras destacabeis, que fixo unha boa orquestración dos "Novos Aires Galegos" de Gaos; e que os seus sete "Rincones Coruñeses" ofrecen intresantes e variados aspectos fundados no tracional galego.

Dí tamén o señor XMC que eu non leo o que se publica sobre a nosa historia musical, e que esquezon o pianismo de Adalid, "e esto é grave no autor que fixo a voz "Adalid" para a Gran Enciclopedia Gallega". Imos ver: na carpeta de "Galecia", eu cito obras que — 1 — estén escritas para piano soio e — 2 — basadas na temática musical galega. O piano adalidián con materia tradicional galega é o que acompaña á voz en varios dos seus "lieder", xénero ao que alí non tiña por qué me referir. E do que non me esquencin cando o 14 de Maio a soprano María Teresa del Castillo e eu ao piano, dimos un concerto de pezas galegas de Adalid, Montes, Estarrona, Ravel — descoñecidas do público — e outras cantigas de Gaos. E quen semella non se enterar do que lé, é o señor XMC: na Gran Enciclopedia Galega, os colaboradores fímanos coas iniciais — RCA, eu —; os artigos de Redacción, van sen firma. E o de Adalid non se leva porque o escribiu a Redacción, non eu.

Nota final: que os meus textos da carpeta lle parezcan ó señor XMC "de tediosa lectura e moi limitado intrín", a verdade, satisfáime amplamente. O efecto contrario houbera sido, dende logo, motivo de fonda preocupación para mín. A propósito: nos párrafos adicados ás obras do mestre Groba, seguí moi de perto, conceptos e frases que lle recollin en conversas que sostivemos encol de esas pezas. Porén, o señor XMC contradícese: ben forte prendeu nel o interés polo meu escrito cando lle adica nada menos que ivintedúas liñas! Contraste rechamante coas tres liñas empregadas, en conxunto, para xulgar á grabación e mais a interpretación de Natalia Lamas. O señor XMC será, ou non será, crítico de musical — como se autoconsidera —, pero, desde logo, é un innovador: críticas de disco nas que se lle conceda tanta consideración ás notas de carpeta, e tan pouca — ou, millor dito, ningunha, á interpretación, de carpeta, e tan pouca — ou, millor dito, ningunha, á interpretación, coido que ésta é a primeira na Historia. Síntome, certo é, moi falagado; pero entrístéceme pensar que Natalia Lamas non estará, seguramente, moi conforme con esta clara discriminación.

Ramiro CARTELLE
ALVAREZ

curso de lingua

Trinto

X.M. DOBARRO
M.P. GARCIA NEGRO
O ENSAIO MODERNO (I)

As cousas son mesmamente ao revés, máis todo o que se diga. Unha frustración social prematura, esodo plurisecular, riquismo burgués, insolidaridade institucional, colonización financeira: eis, se cadra, as chaves esplicativas do actual atraso económico de Galicia. O ruralismo, o minifundio, os foros, o estado das comunicacións, e tantos outros fenómenos tan significativos de primeiras, non son máis, cando son algo, que síntomas do atraso e non causas. Ihes fenómenos configuran o atraso económico de Galicia, danlle a súa fagulha peculiar, mais non o esplican. Nin a decrepitude campesina nin o valeiro de comunicacións son outra cousa que manifestacións sintomáticas do noso subdesenvolvo. Non son en maneira algunha, as súas causas xeneratrices. Nin siquiera son os atrancos máis teimosos. Cecaís por iso mesmo nin a concentración parcelaria, nin os pólos industriais, nin a acción concertada gandeira, nin a famosa "via de acceso" foron nin serán remedios eficaces no inmediato. Son unicamente bismas postas a un doente no tempo dos antibióticos. A magnitude do atraso galego existe tratamentos máis radicais, remedios que afonden no sustrato dos fenómenos manifestos, que operen sóbor desas chaves da nosa patoloxía socioeconómica que é certamente paradigmática.

Poñamos por caso o minifundio. Resulta moi doado afirmar que, en réxime de minifundio, a economía agraria galega non pode progresar. Apliquémolle, pois, a concentración parcelaria e removamos así, unha vez, a causa do atraso e

máis o atranco ao crecemento. Con todo ben pode ocorrer que calquera que visite unha zona concentrada comprobe que as rotacións de cultivos seguen a ser as mesmas, os mesmos tamén os trebellos, as sementes e que incruzo o minifundio aínda menos esfarelado, persiste ao cabo. A propia administración comprende así cando integrou a concentración na ordenación rural. Mais non abonda. O sistema económico campesino non se atopa nun estadio pre-capitalista porque baxa minifundio, senón que o minifundio con policultivo é un rasgo estrutural que caracteriza, en xuntanza con outros varios, unha modalidade de precapitalismo agrario autárquico e de subsistencia. O minifundio, xa que logo, fainos saber que iso que temos á vista é unha agricultura de subsistencia, non nos esprica por que causas perdura no campo galego iso réxime económico no día de hoxe. Tampouco deixa de medrar a nosa economía campesina porque baxa minifundios: fórmulas de cooperación comunitaria ben sinxelas permitirían ampliar a escada das explotacións agrarias, modernizar a súa tecnoloxía e dinamizalas a funcionalmente sin que o minifundio o impidira - sempre que se removera os verdadeiros obstáculos que impiden semellante reforma e que fundamentalmente se atopa, non nas nosas estruturas campesinas, senón, pra empezar, na lei de cooperativas de 1942. Haberá quen enfie eiqui coa consabida temática de "individualismo" paisán, pro

tampouco ise vieiro nos leva a ningures: como se botará de ver máis adiante, nin a conduta social do campesino galego nas comunidades básicas, nin as institucións enxebres do noso medio rural son "individualistas". Individualistas é o Código Civil

ou a lei de augas. Individualista é mesmamente o espírito do sistema que non xeremolou na nosa sociedade campesina: a economía de mercado capitalista.

Compre daquela distinguir entre síntomas e causas do atraso, entre os fenómenos que caracterizan cara afora o noso subdesenvolvo e os feitos que o esplican por dentro, entre o comportamento da economía galega actual e a súa causación interna, entre o perfil da nosa sociedade e as eivas profundas que enxendron e manteñen a súa estrutura contemporánea.

XOSE MANUEL BEIRAS: O atraso económico de Galicia (1972)

En Galicia, por exemplo, faise a miúdo unha caracterización estrutural do país, arredando a esfera económica do problema nacional e referindo iste último ao eido cultural e lingüístico. Galicia e Andalucía (ou Extremadura...), dise, son zonas economicamente subdesenvolvidas, pero, naturalmente, Galicia ten ademais un problema cultural. Agora ben, si Galicia é Andalucía mais un problema cultural, o segundo sumando sobraría ou caracteraría de relevancia, por pura lóxica: si dous universos sociais concordan en todo, agás un feito, deberían concordar tamén nise punto ¿ou é que cae do ceo?; e si diverxen nun aspecto (cultural e lingüístico), non concordarán tampouco noutros terreos. Si a estrutura económica, social e política de Galicia fose homoloxable ca de Andalucía non se entendería por que existe en Galicia un problema nacional-cultural. De feito, o imperialismo lingüístico ten o seu orixe nunha dominación política esterna - xa que ningún pobo ceibe inferioriza ou deixa de falar a súa lingua - e, á larga, imperialismo político e explotación eco-

nómica son indisolubles. Por iso, nin a estrutura social de Galicia - carente dunha clase burguesa autóctona, agraria ou industrial - nin o artellamento político que a espresa (en contra do que podería facer pensar un análise superficial) nin as estruturas mentais que destila o colonialismo, fan a Galicia equiparable a Andalucía. Xeografía, hábitat, predominio da pequena propiedade agraria, caciquismo, usos, costumes, lingua, e cultura (a cultura dominante non é só de clase sinón tamén allea), tec., todo é diferente, formal e materialmente. Pódese decir que tanto Galicia como Andalucía son zonas subdesenvolvidas - término, por certo, ambiguo e impreciso - mais nin a xénese do subdesenvolvo, nin a súa mecánica, nin o xeito de dar cabo a isa situación, son en absoluto comparables. A emigración galega, que arranca do século XVIII, ten unhas causas e unhas consecuencias ben diferentes das involucradas na "crise da agricultura tradicional" andaluza; eiqui non hai latifundiarios, integrados no bloque de clases dominantes e no aparato estatal; pola contra, a desfeita da agricultura galega ten moito que ver ca política económica seguida tradicionalmente polo Estado español. O problema andaluz é un problema social, e como tal debe ser atacado; a liberación das clases populares andaluzas pasa, entre outras cousas, por unha Reforma Agraria progresista. O problema galego é un problema de asoballamento nacional, económico, social e cultural á vez, e a súa resolución pasa pola descolonización do país.

RAMON LOPEZ-SUEVOS: Do capitalismo colonial (1979)

Os últimos dez anos son clave para comprendermos a creación dun xénero na nosa literatura, con conexións e consecuencias que ultrapasan con moito o campo estritamente literario. A futura Historia da nosa nación terá que analizar devagar este fenómeno que é unha das dimensións máis importantes do nacemento do

nacionalismo galego nos anos sesenta e setenta.

Ao longo do Curso, tentámos dar unha idea dos fitos principais da nosa literatura, interpretándoa no seu momento histórico e explicándoa tanto nos seus logros como nas súas ausencias. Así, compria sinalar como unha novidade no noso panorama cultural e como un feito de singular importancia e creación do ensaio no noso idioma a cargo de membros da Xeneración Nós, que, desde diferentes materias, puxeron os alicerces do tratamento científico da Etnografía, á Arte, á Teoría Política... No nacionalismo histórico foi, se cadra, a Economía a disciplina que gozou de menor e máis feble tratamento. Por iso se pode dicir sen esaxeración que é unha creación dos nosos anos e que, como afirmámos ao principio, constitui algo intimamente vinculado ao nacemento e maduración do nacionalismo.

Hoxe traemos á sección dúas mostras significativas desta ciencia nova na nosa nación máis decisiva nos nosos tempos. O primeiro anaco pertence a un libro do profesor Beiras, que constituíu unha auténtica pedra angular: O atraso económico de Galicia, publicado en 1972, marca o nacemento da Económica galega e, mesmo desde o punto de vista lingüístico significa a utilización no noso idioma por primeira vez termos técnicos especificamente relacionados con esta disciplina e que despois foron xa de uso común. O segundo anaco pertence ao profesor López-Suevos, como o anterior traballo tan documentado como rigoroso. Eludimos xa calquera outro comentario que sería ocioso pola nosa parte ante a claridade e rigor expositivo dos textos seleccionados, aos que permitimos ao lector.

De novo o comentario lingüístico vai ser moibreve, por mor do espacio. Señalemos unicamente no primeiro texgo alguns hiperxebraismos como acción, incruso, oredación, capesino

campesino ou caracteriza en lugar dos correctos acción, incluso (mellor mesmo), ordenación, campesino caracteriza. No segundo texto, fixémonos no uso de agás de, sinónimo de excepto, a excepción de e de artellamento, no sentido de articulación ou organización. Por diferenciamos, tense abusado moito deste verbo, artellar e dos seus derivados, que non deben suplir, porén outras palabras do noso idioma que expresan con máis precisión a idea que se quer traducir con este verbo, tales como organizar, planificar ou articular.

CARTAS

Querida directora:
No n. 109 de A NOSA TERRA saíu publicada unha carta de Natalia Lamas contra das críticas de Carreira. Como a firmante fai alusións á miña persoa véxome na necesidade de facer algunhas puntualizacións.
En primeiro lugar refírese a mín decindo que Carreira se veí na necesidade de recobrar de mín información - xa que, segundo ela, Carreira é un analfabeto musical -

Penso que non é difícil decatarse que os escritos de Carreira e mais os meus, aínda que sobre a mesma materia (a música) están feitos desde puntos de vista diferentes, xa que, se el fai crítica desde a posición dunha estudante de música que pretende ser compositor. Por esta razón penso que é moi difícil que eu lle "informe" a Carreira coma que suceda á inversa, o que non quita que haxa unha mutua influencia intelectual - por

outra parte inevitábel entre os dous, na consideración da música coma un fenómeno social. Afirmo Natalia Lamas, na segunda alusión que fai á miña persoa na súa carta, que os meus traballos son de moi dúbido valor. Esta afirmación non vai respaldada por ningún tipo de razonamento, polo que non é válida. Por outra parte quero facer constar que Natalia Lamas, na segunda alusión que fai á miña persoa na súa carta, que os meus traballos son de moi dúbido valor. Esta afirmación

non vai respaldada por ningún tipo de razonamento, polo que non é válida. Por outra parte quero facer constar que Natalia Lamas nunca me falou en privado da calidade dos meus traballos. Logo é unha falta de ética profesional pola súa banda que unha profesora do mesmo centro do que son alumna non me axude na miña formación en lugar de tentar de desprestixiarme publicamente. Respecto a isto, anotarei pra información pública que a opinión dela non coincide,

máis exactamente, é oposta, a de compositores e musicólogos do estado e do estranxeiro (da Europa) que prefiro non mencionar publicamente pra evitar introducir nesta polémica a persoas alleas á mesma. Xa que logo, a noticia que daba Carreira de que os meus traballos tiñan eco na Europa é certa. Dudar dela é dudar da honestidade del e mesmo da miña.

Atentamente:
MARGARITA SOTO



A NOSA TERRA

A INFERTILIDADE EN GALICIA

A fertilidade denota a capacidade do home e da muller de se reproduciren; ou sexa, a capacidade de teren fillos. Infertilidade indica a incapacidade dunha parella de se reproducir.

Debemos sinalar xa que as causas responsábeis de infertilidade afectan o mesmo ao home que á muller, e nunha proporción de sobre un 50 por cen, aínda que en xeral observamos factores conxuntos nun 20 por cen en ambos.

O primeiro concepto que imos ter de conta é o de que a infertilidade, que afecta xa a un 10 ou 15 por cen da poboación galega, vai para riba neste momento, e as causas do fenómeno son doadas de coñecer, xa que os factores, o mesmo no home que na muller, están a medrar seguido por mor dun aumento nos últimos tempos das relacións sexuais, maiormente no que lle toca a parellas cada vez máis novas, realidade posibelmente provocada por unha liberalización dos costumes, e tamén por mor do innegábel coñecemento a cada volta maior dos métodos anticonceptivos.

Pero todo isto, que coincide coa tendencia actual do resto do mundo, non tén levado aparelado no noso país o control das doenzas transmitidas sexualmente; e isto está a repercutir nun aumento arreo desas infeccións, que vai traer como consecuencia máis inmediata a redución da fertilidade por obstrución de trompas na muller e orquite (inflamación testicular) e de vias de excreción, no que lle toca ao home.

Xa que logo, o problema actual é serio, xa que da mesma maneira que outras causas de infertilidade humana son facilmente corrixíbeis, en base á tecnoloxía actual, atopamos que a causa hoxe en aumento entre a poboación galega é a de máis difícil corrección, poisque aínda utilizando as técnicas de tratamento máis recentes, como a microciruxía tubárica, os resultados inda son moi deficientes, aínda considerando que os progresos recentes realizados en Inglaterra por Steptoe e Edwards sobre fertilidade extracorpórea poidan ter futura aplicación no noso país.

Resumindo, os requisitos son: a produción por parte do home dun número axeito de espermatozoides móbiles, que no momento actual consideramos como por riba dos 20 millóns por metro cúbico, aínda non entendendo moi ben isto, xa que é un só espermatozoide o que fecunda o óvulo. Sabemos tamén que a temperatura é un factor importante na produción de espermatozoides por parte do testículo, e que só o uso de calzóns floxos e auga fría mellora considerabelmente a capacidade reproductora do home, e é así como entendemos que nalgúnas profesións, como os camioneiros, ou suxeitos abocados a traballaren en sitios de altas temperaturas baixa aínda ben a fertilidade masculina. Os testículos quedan fóra precisamente para estar a unha temperatura algo por abaixo da do resto do organismo.

O segundo factor é o transporte destes espermatozoides e a súa deposición nun número axeito no "cuello uterino". A súa supervivencia no "cuello" e interior do útero, e o seu transporte á parte distal da trompa de Falopio.

Tamén son requisitos a medra e desenrolo dun folículo no ovário, a produción dun óvulo normal, a captación do óvulo por parte da trompa e traslado ao seu tercio externo, lugar no que sabemos se realiza a fertilización (unión do óvulo co espermatozoide); o transporte deste óvulo xa fecundado á cavidade uterina, e asemade, produción hormonal a xeito por parte do ovário para asegurar o anidamento e futuro desenvolvemento do embrión.

O mecanismo (relativamente complexo) descrito, pode afectarse de diferente maneira que imos describir deseguido.

O estudo da produción no home da cantidade e calidade dos espermatozoides, da súa produción e transporte é o obxecto dunha ciencia, en suba neste momento, chamada Androloxía, pero o estudo destes homes realizana no Estado Español os urólogos. Abonda neste momento con indicarmos que as causas máis frecuentes no home son a orquite, cromosopatías e variococelo, e que este último pódese operar. As orquites proceden en xeral das "páperas" adquiridas na adolescencia, e que amiúde se complican coa inflamación dos testículos.

Infeccións do aparato xenital masculino producidas

por infeccións gonococia, por exemplo, poden a longo prazo, non tratándoas a xeito, producir infertilidade no home.

Na muller, as causas de infertilidade son moi variábeis, e vendo a figura poderemos comprender doadamente que as dificultades no coito ou a inflamación da vagina poden constituir factores negativos.

No "cuello uterino", a inflamación, a secreción defeciosa de moco polo "cuello", representan causas de infertilidade.

No corpo uterino, os tumores, a inflamación e máis as anomalías conxénitas son as causas principais de infertilidade; cando en Galicia nos referimos a inflamación-infección producida pola tuberculose, que tén sido e seguramente segue a ser a que leva producido un maior número de infertilidades femininas, pero que será substituída pola gonococia, no presente e no futuro.

A trompa de Falopio p pode ter tamén obstrucións, adhesións ou disfuncións; as obstrucións xurdidas post-abortos, xeralmente terapéuticos e pouco e mal controlados.

Tocante a factores no ovário, o máis frecuente é a anovulación ou falla de ovulación, que xeralmente se reconece como ausencia de períodos menstruais e xa nos apunta na dirección do factor ovárico. En xeral, esta anovulación é doadamente corrixíbel, dado que actualmente disponse de medicamentos indutores da ovulación de gran eficacia terapéutica.

COIDAD COA PILDORA

Temos de sinalar aquí algo que, a pesares da súa doada comprensión, é amiúde pouco coñecido. O uso actual da píldora anticonceptiva por un grande número de mulleres parece que tén levado á creencia de que a píldora aumenta a fertilidade, cando en realidade é ao revés. A píldora é un axente anovulatorio, e xa que logo, inibe a ovulación.

Nada máis errado que usar a píldora como axente regulador dos períodos; en realidade, as mulleres que non ovulan adoitan ser as que teñen períodos de amenorrea (falla de regra) e polo tanto, inibir a ovulación con estes axentes anovulatorios representa suprimir a función dun órgano xa de seu con función pobre. Pódese pensar que as regras se normalizan, pero de abandonada a píldora, o funcionamento ovárico será igual, lóxicamente peor que antes.

Outro concepto errado que gostaria de rebater aquí é un que amiúde se comenta na rua como causa de infertilidade: o do útero infantil. O útero infantil non existe; como o nariz, o útero pode ser grande, mediano ou pequeno, pero isto non garda relación ningunha coa fertilidade. Cando veña o embarazo, xa medrará. Tamén se comenta a cuestión do útero torto, retrovertido, que ás veces dificulta a deposición do líquido espermático no "cuello uterino"; a solución deste non é quirúrxica, e terá máis ben de orientarse a unha compensación coa adopción dunha postura diferente durante o coito.

Outro punto interesante é o uso aumentado do DIU (dispositivos intrauterinos) en mulleres de non probada fertilidade. O uso dos DIU, agora en aumento, debido a circunstancias variábeis non é lóxico para as mulleres que non tiveron fillos, por mor de que son un corpo extraño posto na cavidade uterina, e aumentarían a posibilidade de extensión de calquera infección contraída pola muller, producindo infeccións que poderían afectar órganos vitais para a reprodución. Somentemente en casos excepcionais de intolerancia doutros métodos estarían xustificadas, e cun control frecuente sobre deles.

O estudo, pois, dunha parella infértil, esixe estudo de vagar dos mecanismos de reprodución en si complexos; noustante, seguindo unha sistemática axeitada, o diagnóstico non é difícil e xeralmente aparece craro en catro ou cinco sesións ben programadas.

Lóxicamente, seguese un método que vai do máis sinxelo ao máis complexo, e que vén sendo así:

Unha proba post-coito, que se realiza unhas poucas horas despois das relacións sexuais para estudar o moco uterino. Prográmase en época de ovulación ou pre-ovulatoria para estudar as características do moco, posibilidade de compróbar a existencia ou non de ovulación e a presenza nel de espermatozoides, a súa mobilidade, etc.

O exame do semen do home é indispensable, poisque

nos indica craramente as súas posibilidades reproductoras. Este exame require o estudo en laboratorio do semen obtido por masturbación ou coitus interruptus, pero nunca en preservativo, poisque as substancias químicas que este traí cando el destrúen os espermatozoides.

O estudo e comprobación da ovulación xeralmente realízase comprobando a temperatura basal da muller refírese á temperatura na boca e xexuando durante varios ciclos para comprobar a súa suba durante a ovulación e o seu mantemento elevado astra o período seguinte. Actualmente utilízase a determinación dunha hormona ovárica en sangue, a proxesterona. Antes (e non se pode deixar de recomendar polas boas para hoxe realizábase a obtención dun anaquiño de endometrio -a cuberta máis interna do útero- para exame histopatolóxico (no laboratorio) con vistas a determinar se tén habido ou non ovulación.

A PERMEABILIDADE TUBARICA

O estudo da permeabilidade tubárica, que se efectua para coñecer se as trompas están ou non obstruídas e se hai algunha malformación uterina, utiliza a técnica radiolóxica da histerosalpingografía HSG, que consiste en comprobar a reios X, inxectando un contraste iodado se o líquido pasa nese momento no "cuello" á cavidade abdominal. O método é axeitado, pero non definitivo, poisque o paso do mentado contraste non implica o funcionamento correcto das trompas, senón somente a súa permeabilidade ao paso do líquido.

Para estudar a permeabilidade tubárica emprégase a anomeada cromoturbación, consistente na inxección dun colorante a presión no "cuello" uterino e a comprobación da súa saída, ao tempo que se comproba a situación dos ovários, aderencias, etc., dentro do abdome, por medio dun laparoscópio, aparte que permite a visualización dos órganos dentro do abdome.

Resumindo, existen actualmente técnicas axeitadas para o estudo da infertilidade que permiten o diagnóstico da maioría das infertilidades da muller e o home. Hai métodos que nos permiten tratar un alto porcentaxe das parellas, e outras que aínda están no aspecto de prevención de doenzas contaxiosas sexualmente que lle afecten á poboación máis nova, sen medios económicos ou con poucos medios; e isto, porque tratándose destes problemas non tentan indicalos ou non os entenden os seus familiares.

A solución está na instalación e posta en funcionamento de centros de diagnóstico e tratamento de unidades para o control de doenzas sexualmente transmitidas; a instalación destes centros ha redundar en beneficios reais e económicos para o futuro da nosa poboación, prevenindo problemas de solución complicada e de doada prevención.

Cando a infertilidade é masculina e o tratamento para a restauración da fertilidade é imposible ao crar os nosos coñecementos, hai teóricamente dúas solucións: a adopción, ou a inseminación artificial con seme de doante. A adopción é hoxe difícil, e preveise que aínda vai ser máis. E isto por razóns evidentes; a muller de hoxe é responsábel, e cando se atopa perante un embarazo non desexado recorre á súa terminación en lugares a propósito (Portugal ou Londres). Se a pesares de todo, desexa que este continúe, en xeral non vai deixar o seu fillo, coas consecuencias conseguintes.

Xuntémolle a isto a falla de organización a nivel galego dun sistema de adopción craro e ecuánime, que tramite e leve ao cabo as adopcións, e xa está o cadro completado. Na miña experiencia, a maior parte das adopcións son en base ao caso do cativo abandonado á porta da casa; caso difícilmente críbel.

Concluindo, podemos dicir que a infertilidade en Galicia é alta, pero que se pode reducir, mediante certas medidas. Han ser estas medidas que tendan a mellorar e controlar as doenzas transmitidas sexualmente e a conseguir a erradicación da tuberculose, como xa se leva feito en moitos países do mundo.

Urxe tamén a creación de Clínicas de Planeamento Familiar, que amáis da súa función de asesorar sobre prevención do embarazo, poden asumir funcións de prevención de doenzas transmitidas sexualmente, e sobre as posibilidades de estudo e tratamento de parellas infértils.

J. L. FDEZ. TESTA

